



ENTRE A ESPERA E A ESPERANZA

A TEMPORALIDADE E A INCERTEZA NOS PROCESOS MIGRATORIOS, E O SEU IMPACTO NA VIDA DAS PERSOAS MIGRANTES

ENTRE LA ESPERA Y LA ESPERANZA

LA TEMPORALIDAD Y LA INCERTIDUMBRE EN LOS PROCESOS MIGRATORIOS, Y SU IMPACTO EN LA VIDA DE LAS PERSONAS MIGRANTES

BETWEEN WAITING AND HOPE

TEMPORALITY AND UNCERTAINTY IN MIGRATION PROCESSES, AND ITS IMPACT ON THE LIVES OF MIGRANTS

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

Ano académico: 2021-2022

Convocatoria: Setembro 2022

Estudiante: Diego Álvarez Zaragoza

Titoras: Ana Ballesteros Pena e Cristina Fernández Bessa



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



AGRADECIMENTOS

Ás miñas titoras, polo seu grande apoio e infinita paciencia.

A todas as persoas que colaboraron coas súas testemuñas e vivencias, por abrimos os seus corazóns e as súas almas. Sen elas este traballo non tería sido posible.

A todas as persoas migrantes que, co seu exemplo, téñenme ensinado o verdadeiro significado das palabras afouteza, dignidade e amor.

Á miña familia, por estar sempre ao meu carón escoitándome, aconsellándome e apoiándome en todas as miñas aventuras académicas, laborais e vitais.

E por suposto, grazas a ti, meu amor. Por terme aturado todos estes meses, polo teu apoio e, sobre todo, por inspirarme día tras día coa túa fortaleza, a túa bondade e o teu doce sorriso.

RESUMO

Partindo da crecente literatura académica entorno aos aspectos temporais dos procesos migratorios, e tratando de dar unha nova visión que axude a enriquecer a mesma, o presente traballo busca explorar e analizar de que xeito se presentan e son vividos ditos aspectos ao longo das traxectorias das persoas migrantes e o impacto que teñen sobre os distintos ámbitos das súas vidas. Para acadar os obxectivos propónse unha investigación cualitativa que ten como elemento central a realización de entrevistas a seis persoas migrantes de perfís diversos, e complétase coa realización de catro entrevistas a profesionais das migracións, e con aportacións autoetnográficas. A investigación permite concluír que as temporalidades dos réximes migratorios son unha potente ferramenta de exclusión social e maltrato institucional, que mantén ás persoas migrantes nun permanente estado de incerteza e sufrimento, dificultándolles acadar unha estabilidade a nivel sociolaboral e afectando de xeito negativo a distintos ámbitos das súas vidas.

PALABRAS CHAVE: Migracións, temporalidade, espera, incerteza, políticas migratorias.

RESUMEN

Partiendo de la creciente literatura académica sobre los aspectos temporales de los procesos migratorios, y tratando de dar una nueva visión que ayude a enriquecer la misma, el presente trabajo busca explorar y analizar de qué forma se presentan y son vividos dichos aspectos a lo largo de las trayectorias de las personas migrantes y el impacto que tienen en los distintos ámbitos de sus vidas. Para alcanzar los objetivos se propone una investigación cualitativa que tiene como elemento central la realización de entrevistas a seis personas migrantes de perfiles diversos, y se complementa con la realización de cuatro entrevistas a profesionales de las migraciones, y con aportaciones autoetnográficas. La investigación permite concluir que las temporalidades de los regímenes migratorios son una potente herramienta de exclusión social y maltrato institucional, que mantiene a las personas migrantes en un permanente estado de incertidumbre y sufrimiento, dificultándoles alcanzar una estabilidad a nivel sociolaboral y afectando de forma negativa a distintos ámbitos de sus vidas.

PALABRAS CLAVE: Migraciones, temporalidad, espera, incertidumbre, políticas migratorias.

ABSTRACT

Based on the growing academic literature on the temporal aspects of migration processes and seeking to provide a new vision to help enrich it, this paper seeks to explore and analyze how those aspects are presented and experienced throughout the trajectories of migrants and the impact they have on the different areas of their lives. In order to achieve the objectives, a qualitative research is proposed, which has as a central element the realization of interviews with six migrants of diverse profiles, and is complemented with the realization of four interviews with professionals of migrations, and with autoethnographic contributions. The research leads to the conclusion that the temporalities of migratory regimes are a powerful tool for social exclusion and institutional mistreatment, which keeps migrants in a permanent state of uncertainty and suffering, making difficult for them to achieve stability at the socio-labor level and negatively affecting different areas of their lives.

KEY WORDS: Migration, temporality, waiting, uncertainty, migration policies.

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	1
2	MARCO TEÓRICO	4
2.1	FRONTEIRAS TEMPORAIS. OS TEMPOS DOS SISTEMAS E RÉXIMES MIGRATORIOS.	5
2.2	OS TEMPOS VIVIDOS POLAS PERSOAS MIGRANTES	7
2.2.1	<i>Desaceleración e espera</i>	7
2.2.2	<i>Aceleración dos tempos</i>	9
2.2.3	<i>Sincronismo e disxunción temporal</i>	9
2.2.4	<i>Incerteza temporal</i>	11
2.3	O IMPACTO DOS ASPECTOS TEMPORAIS DOS PROCESOS MIGRATORIOS NA VIDA DAS PERSOAS MIGRANTES.	12
2.4	XESTIÓN DA TEMPORALIDADE E A INCERTEZA POR PARTE DAS PERSOAS MIGRANTES	15
3	METODOLOXÍA	18
4	ANÁLISE E DISCUSIÓN DE RESULTADOS	20
4.1	OS TEMPOS	20
4.1.1	<i>Os tempos dos sistemas e réximes migratorios. Liñas de tempo das traxectorias migratorias</i>	20
4.1.2	<i>Os tempos vividos polas persoas migrantes</i>	27
4.1.2.1	<i>Desaceleración e espera</i>	27
4.1.2.2	<i>Aceleración dos tempos</i>	30
4.1.2.3	<i>Sincronismo e disxunción temporal</i>	32
4.1.2.4	<i>Incerteza temporal</i>	33
4.2	OS IMPACTOS.....	35
4.2.1	<i>Impactos na saúde mental e emocional</i>	35
4.2.2	<i>Impactos na saúde física</i>	37
4.2.3	<i>Impactos na vida familiar e afectiva</i>	39
4.2.4	<i>Impactos na formación e o emprego</i>	42
4.2.5	<i>Impactos na inclusión social e o acceso ao estado de benestar</i>	44
4.3	ALÉN DA ESPERANZA.....	47
5	CONCLUSIÓNS	50
6	REFERENCIAS	52
	ANEXOS	57
	ANEXO I. ESTRUCTURA DAS ENTREVISTAS ÁS PERSOAS MIGRANTES	57
	ANEXO II. ESTRUCTURA DAS ENTREVISTAS ÁS PROFESIONAIS DAS MIGRACIÓNS	58
	ANEXO III. PERFÍS DAS PERSOAS MIGRANTES ENTREVISTADAS	59
	ANEXO IV. PERFÍS DAS PERSOAS PROFESIONAIS DAS MIGRACIÓNS ENTREVISTADAS	62

1 INTRODUCCIÓN

“*Mañana, siempre mañana*”, berraban, entre o enfado e a resignación, os rapaces arremuiñados á porta das oficinas dun dos macrocampamentos para persoas migrantes montados polo Goberno español nas Illas Canarias a comezos do ano 2021. Esa palabra, “*mañana*”, que os rapaces aprendían rapidamente, a base de escoitala día tras día ás traballadoras do centro, tiña para eles un significado moito máis profundo do que puidera parecer. Por unha banda, significaba prolongar, polo menos un día máis, a súa espera, tras meses agardando polo seu traslado á península ou, polo menos, por noticias sobre a súa situación e o seu futuro; pola outra, alimentaba a súa esperanza, facéndolles ver que, quizais, ao día seguinte, a súa sorte podería empezar a cambiar. Esas verbas, espera e esperanza, coas que se xoga no título do presente traballo, teñen un peso fundamental na vida das persoas migrantes.

A idea de levar a cabo o presente proxecto de investigación parte das miñas experiencias persoais e profesionais vividas durante os últimos anos, que me fixeron reparar na importancia que teñen os aspectos temporais nas traxectorias e nas vidas das persoas migrantes. A primeira de ditas experiencias aconteceu no ano 2017, mentres colaboraba en varios proxectos de apoio a persoas migrantes na cidade de Atenas (Grecia)¹. Naquel entón fun testemuña de como, alén dos aspectos espaciais, as vidas de ditas persoas estaban marcadas polo tempo. Este manifestábase en forma de longas esperas, xa fose por unha cita de asilo, por unha resolución ou, na meirande parte dos casos, por poder continuar coa súa viaxe pero, tamén, de aceleracións repentinas, debidas a cambios na situación administrativa ou de intentos afortunados de abandono do país. Esta falta de control sobre o tempo propio e sobre os seus futuros, facíalles vivir nun estado de continua incerteza temporal.

As miñas experiencias posteriores, tanto a nivel laboral como persoal² fixéronme, non só confirmar a importancia dos aspectos temporais dentro do ámbito das migracións, senón comprobar que estes teñen un carácter transversal, afectando ás persoas ao longo de todo o seu percorrido, e con independencia do seu perfil migratorio, referíndonos sempre, en todo caso, ao que Goldring et al. (2009) denominan persoas cun status migratorio precario. Sen embargo, a miña experiencia tenme amosado, igualmente, como estes factores poden facer variar a forma en que os aspectos temporais se manifestan, e o impacto destes sobre a vida das persoas migrantes polo que, á hora de ter unha visión global da cuestión, deben ser tidos moi en conta.

A nivel académico as migracións teñen sido tradicionalmente concibidas coma un fenómeno eminentemente espacial, recibindo a dimensión temporal das mesmas unha atención moi limitada (Brux et al., 2019). Este feito comeza a cambiar a partires de comezos do século XXI, da man de autoras e autores como Cwerner (2001) ou Griffiths et al. (2013), que abriron o camiño a outros moitos traballos neste ámbito e, polo tanto, a un mellor coñecemento do mesmo. Pese a isto, a revisión da literatura

¹ Dita experiencia estendeuse por 3 meses, aínda que tivo continuidade en anos posteriores. Durante a mesma colaborei como voluntario independente en varios proxectos levados a cabo en *squats* (edificios ocupados) e centros sociais para migrantes.

² A nivel laboral, como traballador do sistema de acollida de solicitantes de Protección Internacional, e posteriormente nun macrocentro para migrantes nas Illas Canarias; a nivel persoal, como parella dunha persoa migrante.

académica recente permite detectar a existencia de certos baleiros de coñecemento, e a posibilidade de achegar novos enfoques á investigación no campo da temporalidade e as migracións.

En primeiro lugar, os estudos empíricos destes fenómenos adoitan centrarse en analizar momentos puntuais dos procesos migratorios, en lugares concretos, e con persoas nunha situación administrativa específica. Isto impide ter unha visión transversal da cuestión que permita percibir como son vividos os fenómenos temporais ao longo de toda a experiencia migratoria e a través de distintos perfís. Nesta liña, Robertson (2014), afirma: “Os métodos etnográficos tradicionais de entrevista e observación participante, que adoitan ocorrer en lugares fixos, en momentos fixos e durante períodos de duración determinados, adoitan fallar nas complexas cuestións que emerxen en torno ás migracións internacionais e ao tempo” (p. 3).

En segundo lugar, ditas investigacións acostuman poñer o foco no xeito en que os tempos das traxectorias migratorias son xestionados e estruturados polos estados e outras institucións a través dos seus réximes migratorios, e como son vividos estes polas persoas en forma de esperas, aceleracións, incerteza sobre o futuro, etc. (Cwerner, 2001; Griffiths, 2017). Sen embargo, apenas se presta atención ao impacto que estes aspectos teñen nos distintos ámbitos da vida das persoas migrantes.

O contexto actual, cunha pandemia mundial aínda latente e unha enorme inestabilidade a nivel xeopolítico, que veñen a unirse ao auxe da extrema dereita vivido durante os últimos anos, debuxa un panorama cada vez máis complexo para as persoas migrantes. Nesta situación faise necesario seguir afondando no estudo das políticas e réximes migratorios, e no impacto destes sobre as persoas e a sociedade. Tendo en conta todo isto, e buscando introducir unha nova visión na análise dos aspectos temporais das migracións, que contribúa ao enriquecemento da literatura académica neste ámbito, o presente traballo presenta dous obxectivos xerais:

1. Analizar de que xeito se presentan e son vividos os aspectos temporais xerados polos réximes e sistemas migratorios ao longo da traxectoria migratoria das persoas, é dicir, a través do tempo, dos distintos status, e das distintas localizacións.
2. Explorar e analizar o impacto que ditos aspectos temporais teñen nos distintos ámbitos da vida das persoas migrantes.

Ao mesmo tempo, e co fin de dar un valor engadido á investigación, establécese o seguinte obxectivo secundario:

- Explorar que ferramentas e estratexias utilizan as persoas migrantes para xestionar as temporalidades e a incerteza temporal ao longo do seu proceso migratorio.

Cabe indicar que ao longo de toda a investigación incorporárase unha perspectiva interseccional, co fin de coñecer como o perfil migratorio das persoas (orixe, raza, xénero, tipo de viaxe...) afecta aos distintos aspectos analizados.

A análise levada a cabo para conseguir os obxectivos propostos está baseada nunha investigación cualitativa, que ten como punto central a realización de entrevistas semiestruturadas a seis persoas migrantes con diferentes perfís migratorios. Igualmente, de cara a apoiar a consecución do segundo

obxectivo xeral, e mellorar a calidade da investigación, lévanse a cabo catro entrevistas a senllos profesionais do ámbito das migracións. Por último, sinalar que ao longo de toda a análise realizarase unha triangulación da información a través do uso do método autoetnográfico (Ellis e Bochner, 2000). Se ben, como xa se dixo, a análise pretende abranguer toda a traxectoria migrante das persoas, o traballo está enmarcado dentro do contexto social e político da Unión Europea e, máis en concreto, do Estado español, polo que se porá especial énfase nos feitos acontecidos dentro deste ámbito xeográfico. Todo isto será debullado máis polo miúdo no apartado [3. Metodoloxía](#).

O seguinte apartado, dedicado ao marco teórico, servirá, non só para facer unha revisión, e describir as teorías e investigacións máis relevantes en torno aos temas obxecto do presente traballo, senón para encadrar os principais aspectos que serán analizados ao longo deste. Posteriormente, expónse o apartado dedicado á metodoloxía, ao que xa se fixo referencia anteriormente, antes de rematar o traballo presentando a análise e discusión dos resultados da investigación, e as principais conclusións extraídas da mesma.

2 MARCO TEÓRICO

Tal e como se afirmou na introdución ao presente traballo, as migracións teñen sido tradicionalmente concibidas coma un fenómeno eminentemente espacial. A importancia da dimensión temporal ten sido subestimada durante anos, recibindo unha atención moi limitada. Sen embargo, dende comezos do século XXI, a literatura académica empeza a tomar conciencia da importancia das temporalidades á hora de analizar o fenómeno migratorio (Brux et al., 2019).

Un dos primeiros autores en abordar esta cuestión foi Saulo Cwerner (2001), quen puxo o foco no xeito en que as políticas e réximes migratorios funcionaban como unha ferramenta de disciplina. Igualmente, destacou que os aspectos temporais das migracións supoñen unha potencial perturbación da vida social das persoas migrantes. Un dos principais conceptos introducidos polo autor é o de “tempos heterónomos”, que relaciona coa idea de que as persoas migrantes vense, en certo xeito, privadas da capacidade de controlar o seu propio tempo, que pasa a estar rexido polo sistema migratorio, que a miúdo as fai esperar, poñer as súas vidas en suspenso e deixa o seu futuro sumido na incerteza (Baas e Yeoh, 2019).

A través do seu traballo, Cwerner facía, ao mesmo tempo, unha chamada a establecer un marco máis sistemático para tratar o tempo e a temporalidade nos estudos sobre os movementos migratorios. Unha das primeiras autoras que atendeu a esta chamada foi Melanie Griffiths, quen ten feito dos aspectos temporais das migracións un dos seus principais campos de investigación. Así, no ano 2013, a autora publica, xunto a Rogers e Anderson, un traballo que ten como obxectivo esbozar unha axenda de investigación sobre migración, tempo e temporalidades.

No mesmo, as autoras manifestan a dificultade de enmarcar un concepto con tantos e tan diversos significados, citando ao propio Cwerner (2001) para dar soporte a dita afirmación: “A teoría social contemporánea do tempo caracterízase por unha multiplicidade de perspectivas e temas [...] quizais tamén revela a natureza múltiple do propio tempo, que pode impedir o éxito dun proxecto teórico unificador ou totalizador” (p. 14). Tratando de dar resposta ao reto plantexado, na segunda parte do seu traballo as autoras definen os que, para elas, son os principais temas emerxentes en relación ao tempo e as temporalidades no ámbito das migracións.

Máis aló dos traballos centrados en enmarcar a nivel teórico estas cuestións, xorden nos últimos anos numerosas investigacións que, na liña do afirmado por Cwerner (2001), analizan como os poderes políticos usan os réximes e sistemas migratorios como unha ferramenta de control temporal sobre as traxectorias e as vidas das persoas migrantes. Igualmente, tamén teñen proliferado as investigacións empíricas que buscan analizar o xeito en que ditas políticas do tempo son vividas polas persoas ao longo das súas traxectorias migratorias. Ditos traballos céntranse especialmente nos coñecidos como “*hotspots*”, lugares cunha alta concentración de persoas migrantes, nos que é máis fácil percibir e analizar os aspectos temporais que afectan a estas.

Tomando como base a literatura recente máis destacada no ámbito das temporalidades e as migracións e tendo en conta que, tal e como se dixo ao final da introdución, o obxectivo do presente apartado é, non só facer unha revisión e descrición das teorías e investigacións máis relevantes en torno aos temas

obxecto do presente traballo, senón encadrar os principais aspectos que serán analizados ao longo deste, a exposición será dividida en catro subapartados, tal e como se indica a continuación:

- 2.1. Fronteiras temporais. Os tempos dos sistemas e réximes migratorios³
- 2.2. Os tempos vividos polas persoas migrantes
- 2.3. O impacto dos aspectos temporais dos procesos migratorios na vida das persoas migrantes.
- 2.4. Xestión da temporalidade e a incerteza por parte das persoas migrantes

2.1 FRONTEIRAS TEMPORAIS. OS TEMPOS DOS SISTEMAS E RÉXIMES MIGRATORIOS.

Neste subapartado preséntase unha revisión das principais teorías e investigacións que buscan analizar o xeito en que os sistemas e réximes migratorios estruturan e enmarcan a nivel temporal as traxectorias e as vidas das persoas migrantes. Está relacionado co primeiro obxectivo xeral exposto na introdución.

Tal e como indican Reneman e Stronks (2021), vivimos nunha época dominada polo tempo do reloxo, que é o tempo do diñeiro, a industria e a tecnoloxía. Deste xeito, “o reloxo divide a comprensión e os diversos significados do tempo de diferentes culturas, sociedades e do entorno natural en pezas precisas e predicibles, que poden ser contadas e medidas” (p. 305). Así, o reloxo convértese nunha poderosa ferramenta para regular e coordinar a vida das persoas e os grupos na sociedade. Segundo os autores, as políticas do tempo que, citando a Klinke (2012), denominan “cronopolíticas”, xogan tamén un importante papel na xestión das migracións e as fronteiras.

Na mesma liña, Griffiths (2017) indica que o control e o exercicio do poder a través do tempo no ámbito migratorio faise evidente a través dunha grande cantidade de “dispositivos, racionalidades, regras e tempos, incluídos os períodos de solicitude, os requisitos de idade e as ventás de tempo ou as prohibicións” (p. 50). Segundo Griffiths, as referencias a varios tipos e períodos de tempo son claras ao longo das políticas e a lexislación migratoria, dende o tempo burocrático, ata o tempo fenomenolóxico vivido. Nese sentido, existen salvagardas temporais e disposicións que, dalgún xeito, benefician ás persoas migrantes, pero o tempo tamén é usado como castigo a través de demoras e esperas forzadas, ou a aceleración do tempo en determinadas circunstancias (Griffiths, 2017).

Segundo o antropólogo Ruben Andersson (2014), as políticas do tempo non deben ser vistas tanto como subprodutos das institucións e regulacións burocráticas dos estados senón máis ben como tácticas para controlar a inclusión e exclusión das persoas migrantes nos seus territorios. En liña co afirmado por Andersson, Martina Tazzioli (2018), fala de “fronteiras temporais”, afirmando que a fronteira funciona en si mesma coma un elemento da administración temporal das migracións. O seu traballo, no que investiga os puntos críticos das políticas migratorias da Unión Europea, amosa como a mobilidade é controlada a través de datos, prazos e, incluso, a diversidade de velocidades entre as distintas categorías de migrantes.

³ Con estes termos, usados ao longo da literatura con diversos alcances e significados, referímonos ao que Robertson (2014) denomina “escala temporal meso” dos réximes migratorios, que abrangue “os sistemas nacionais e supranacionais de goberno, pero tamén intermediarios, axentes, recrutadores e outros facilitadores da mobilidade” (p. 5).

Antes de que Tazzioli (2018) acuñara o concepto de “fronteiras temporais”, Robertson (2014) xa falaba de como o tempo adoita funcionar como unha fronteira, enumerando as distintas maneiras nas que este feito se fai tanxible:

[...] a través de criterios de elixibilidade temporais (como ter unha certa idade ou ter unha determinada duración de estudos ou experiencia laboral para cualificar para a migración); mediante limitacións temporais á duración da estadía; a través dos ‘tempos de tramitación’ dos visados e calquera cambio de dereitos ou estado; a través dos períodos de traballo ou residencia necesarios para adquirir novas adhesións como residencia permanente ou cidadanía; e mediante limitacións temporais dos dereitos laborais. (p. 7)

Na literatura abundan os traballos que amosan exemplos prácticos sobre as políticas do tempo dentro da xestión migratoria tanto na Unión Europea como a nivel global. A través da súa análise da realidade do sistema de asilo en Holanda antes e despois do ano 2015, coincidindo co incremento no fluxo de persoas migrantes en Europa, Reneman e Stronks (2021) mostran como as normas de asilo permiten o que eles denominan como “discreción temporal”, alimentada pola falta de claridade a nivel conceptual, e polo espazo para excepcións nos prazos dos procedementos. Segundo os autores, este feito permite estender o tempo para a toma de decisións baixo certas circunstancias, e aceleralo noutras, en liña co afirmado por Griffiths (2017) e Tazzioli (2018). Segundo Rozakou (2021), o control sobre o tempo das persoas migrantes reside precisamente na tensión entre estes dous extremos.

Os propios Reneman e Stronks (2021) refiren no seu estudo como a Unión Europea dá amparo a este tipo de actitudes entre os seus Estados membros, o que leva a que o caso de Holanda non sexa unha excepción, senón un claro exemplo da discrecionalidade temporal das políticas migratorias europeas. As investigacións levadas a cabo nos últimos anos en distintos países da Unión, como España (Bondanini, 2014), Francia (Jacobsen, 2021), Grecia (Yahya, 2021) ou a Inglaterra anterior ao Brexit (Griffiths, 2014), axudan a corroborar este feito.

Todo o dito anteriormente, provoca serias consecuencias nas persoas migrantes, de aí que Meier e Donà (2021), se refiran ás políticas do tempo nas migracións como “governabilidade afectiva”, facendo referencia a como estas buscan provocar malestar, esgotamento e dano, na procura de ser usadas como ferramenta de delimitación e control. Tomando como exemplo a súa investigación, as autoras afirman que estas políticas intensifican aínda máis as precariedades cotiás das persoas migrantes, coincidindo con outras académicas como Nixon (2011) ou Berlant (2007) en falar de termos como “violencia lenta”, “morte lenta” ou “violencia afectiva de fronteira”.

Para rematar o presente subapartado, resulta interesante amosar o punto de vista dunha persoa que sufriu nas súas propias carnes os aspectos temporais das políticas migratorias europeas. Victoria Canning (2021) recolle o testemuño de Amina, unha vítima de trata de persoas chegada a Inglaterra con 18 anos:

Cometín o crime de procurar protección neste país aos 18 anos. Pronto cumprirei 26, así que, teño gastado a etapa máis importante da miña vida cumprindo a sentenza deste pecado. E, aínda que me dean o estatuto, serei unha refuxiada polos próximos 5 anos. Se a vida trata de andar

perseguindo uns papeis...eu non quero pasar a miña vida perseguindo esa merda. A miña vida non ten ningún significado...eu non quero este tipo de protección...non máis que unha prisión. (p. 115)

2.2 OS TEMPOS VIVIDOS POLAS PERSOAS MIGRANTES

No presente subapartado realízase unha revisión dos principais conceptos e investigacións que describen de que forma son vividas as temporalidades xeradas polos sistemas e réximes migratorios ao longo da traxectoria das persoas migrantes. Este está, ao mesmo tempo, dividido en catro, co fin de analizar os principais aspectos deste ámbito descritos na literatura, de forma independente. Dita clasificación será tida en conta durante o resto da investigación. Está igualmente relacionado co primeiro obxectivo xeral descrito na introdución.

Tal e como vimos no subapartado anterior, Griffiths (2017) fai mención a dous tipos de tempos nos procesos migratorios: os tempos burocráticos e os tempos vividos. Como a propia autora indica, existen certas experiencias, como as esperas ou as aceleracións temporais, que son habituais nas traxectorias migrantes. Sen embargo, ditas experiencias están suxeitas a certa subxectividade, podendo ser vividas de xeito diferente polas persoas dependendo de múltiples factores (Griffiths et al., 2013; Griffiths, 2017). Debido a isto, considérase importante diferenciar, tanto á hora de expor o marco teórico como á hora da posterior análise, entre os tempos establecidos polos sistemas e réximes migratorios e os tempos vividos polas persoas migrantes ao longo da súa traxectoria.

2.2.1 Desaceleración e espera

“Todopoderoso é o que non espera, senón que fai esperar...Esperar implica submisión. Disto dedúcese que o arte de ‘tomarse un tempo’, de facer esperar á xente, é unha parte importante do exercicio do poder...” (Bourdieu, 1997/2000).

A anterior cita resulta interesante para enlazar o subapartado anterior co presente, no que se abordarán os principais conceptos e investigacións sobre a espera, como factor determinante das políticas e dos procesos migratorios. A importancia deste concepto queda reflectida na numerosa literatura dedicada a el, especialmente durante os últimos anos, existindo volumes completos dedicados a esta temática.

Tanto a nivel académico como a nivel social a espera dentro do ámbito migratorio tende a relacionarse cos campamentos, os centros de internamento ou os “hotspots” situados nos cruces de fronteiras. Sen embargo, trátase dun concepto moito máis complexo. Así, para Jacobsen e Karlsen (2021), un dos desafíos da investigación neste campo é poder analizar e explicar as múltiples formas de espera. Para iso, no seu traballo fan unha distinción entre dous tipos principais. O primeiro serían as esperas cotiás, é dicir, aquelas relacionadas cos servizos públicos ou coas decisións e xestións burocráticas. O segundo serían as esperas máis prolongadas e abertas, no que estarían recollidas as relacionadas coa regularización, a xustiza ou os futuros incertos. Ditas formas de espera coinciden co que Dwyer (2009) denomina esperas “situacionais” e esperas “existenciais”. Polo tanto, as esperas no ámbito migratorio van moito máis aló dos campamentos, dos centros de internamento ou das zonas de fronteira, afectando ás persoas en situación administrativa precaria ao longo de todo o seu proceso migratorio (Jacobsen, 2021).

Son numerosos os traballos tanto a nivel académico como a nivel social ou xornalístico que deixan constancia a través de investigacións sobre o terreo do importante papel que as esperas xogan na vida das persoas migrantes. Estas están centradas especialmente, como xa se dixo, en zonas de alta concentración de persoas migrantes como as Illas Gregas (Yahya, 2021), Calais (Meier e Donà, 2021) ou as Illas Canarias (Gómez, 2021), que son a miúdo descritos como zonas de liminalidade, é dicir, de espera indefinida e incerteza ante o futuro (Bondanini, 2014).

Sen embargo, ditas investigacións téñense estendido máis aló destes lugares, analizando especialmente a situación das persoas solicitantes de asilo, chegando a afirmar Kobelinsky (2009), que a espera “é a actividade por excelencia” das persoas en dita situación. Tal e como indica Griffiths (2014), os procesos de solicitude e toma de decisións sobre asilo adoitan ser lentos, debido á complicada burocracia (citas, solicitudes, entrevistas, trámites...), o que fai que entre a solicitude, a toma de decisións e a comunicación de resposta, adoiten pasar anos.

Os estudos levados a cabo en distintos países europeos poñen de manifesto que a espera é unha situación común, non só entre as persoas solicitantes de asilo, senón entre todas aquelas que contan cunha situación administrativa precaria. No caso español, as investigacións máis recentes demostran que, pese aos esforzos realizados nos últimos tempos por acelerar os trámites de inmigración, estes continúan estendéndose moito máis aló dos prazos legais establecidos (Martín, 2021).

Un dos traballos que mellor define o concepto de espera nas migracións é o realizado polo investigador sirio Karam Yahya (2021), baseado na súa propia experiencia como migrante e, posteriormente, voluntario e traballador en distintas Illas Gregas. A conclusión de dito traballo leva como encabezado a expresión “*Tomorrow, tomorrow*”, curiosamente, a mesma que foi usada como punto de partida na introdución do presente traballo, o que mostra as similitudes entre as situacións vividas polas persoas migrantes neste tipo de circunstancias.

Segundo o autor, a forma na que a espera é experimentada polas persoas migrantes pode ser variada:

Ás veces experimentábase no propio proceso migratorio: dise ‘mañá, mañá’. Ás veces experimentábase a través dos interminables obstáculos burocráticos que se deben sortear para conseguir algún status legal. E, ás veces, experimentábase estando retido nun campo de detención fronteirizo, sen ter idea de cando se poderá seguir adiante. (p. 37)

Sen embargo, para Yahya (2021), esa espera é sempre “un roubo, porque cada día debes esperar, cada día atrapado nese período liminal é un día no que estás poñendo a túa vida e o teu futuro, en suspenso” (p. 37).

Na mesma liña, nos últimos anos teñen proliferado narracións en primeira persoa de experiencias de persoas migrantes que, ao igual que Yahya (2021), aportan unha visión fundamental sobre a cuestión. Un dos casos máis interesantes, dentro do ámbito das temporalidades, é o do xornalista iraniano Behrouz Boochani, quen decidiu plasmar a súa experiencia de seis anos no campo para migrantes montado polo Goberno Australiano na Illa de Manus (Papua Nova Guinea), nun libro denominado “*No friend but the mountains: Writing from Manus prison*” (2018). En dito libro, o autor deixou escrita a seguinte reflexión

sobre a espera: “Sempre desprecei a espera. A espera é un mecanismo de tortura empregado no calabozo do tempo. Son un cativo nas garras de certo poder dominante” (p. 62).

2.2.2 Aceleración dos tempos

Como xa se expuxo ao longo de anteriores apartados, as persoas migrantes adoitan moverse entre momentos de longas esperas e momentos nos que o seu tempo vese acelerado de forma inesperada, sendo obrigadas a adaptarse a distintos ritmos durante o seu proceso migratorio (Rozakou, 2021). Ao contrario do concepto de espera, que ten sido amplamente representado e descrito na literatura académica, e tamén a nivel social, o concepto de aceleración dos tempos ten recibido unha menor atención.

Tal e como indica Griffiths (2014), a rapidez nas resolucións sobre asilo ou nas deportacións, adoita ser defendido polos gobernos coma un sinal de éxito e eficacia dos seus sistemas migratorios. Por esta razón, algúns gobernos, coma o español, teñen reforzado as súas oficinas de asilo nos últimos tempos co fin de reducir o número de solicitudes pendentes, e os tempos de resposta (OAR, 2021). Sen embargo, a idea de acelerar os procedementos migratorios pode levar a algúns estados a resolver solicitudes sen cumprir cos requisitos legais, ou a tomar decisións en base a criterios pouco claros, ou arbitrarios (ACCEM, 2022; Reneman e Stronks, 2021).

Ademais dos cambios de ritmo marcados polas institucións do ámbito das migracións, a aceleración dos tempos pode ser vivida polas persoas migrantes en múltiples circunstancias. Griffiths (2014; 2017) indica que as persoas migrantes viven dentro do sistema sabendo que calquera cambio pode ocorrer de súpeto, sen previo aviso. Así, as persoas solicitantes de asilo poden tardar anos en recibir a súa resolución, pero tamén poden recibila en calquera momento o que, en caso de ser negativa, os deixaría en situación irregular de non presentar un recurso nun curto espazo de tempo, tendo que renunciar igualmente ao seu dereito ao traballo e a outros beneficios propios da súa situación.

Os trocos de estado migratorio, incluso cando estes son positivos, tamén poden obrigar ás persoas migrantes a ter que atopar unha vivenda ou un emprego nun curto espazo de tempo, ao quedar fora doutro tipo de proteccións, o que os somete a estados de grande estrés e preocupación (Griffiths, 2014, 2017; Meier e Donà, 2021). Dita situación é extensible a persoas con outros status legais pero, tal e como indica Griffiths (2014), son aquelas persoas en situación irregular as máis vulnerables aos cambios inesperados, ao verse en risco constante de recibir unha orde de deportación ou de ser detidas polas forzas da orde.

No seu traballo sobre o sistema de asilo en España, Gabrielli et al. (2022) amosan un exemplo de como os procesos migratorios poden cambiar dun día para outro de forma inesperada: “A miña solicitude de asilo foi denegada...O 22 de setembro dixéronme: xa está. Entón, devólvenche o pasaporte, e dinche: ‘Aí tes, dámosche 15 días para saír do país’” (p. 274).

2.2.3 Sincronismo e disxunción temporal

Tal e como indica Eder (2004), un sentido compartido do tempo crea vínculos entre persoas e comunidades, establecendo unha sensación de conexión e preservación. O autor describe o sincronismo institucionalizado como un intento estatal de ocultar as discontinuidades tentando crear unha

identidade rexional, como ten ocorrido na “Europeización”. Do mesmo xeito, segundo Bastian (2011), o tempo tamén ten sido usado para crear conflitos dentro dalgúns comunidades, en base á forma de entender este, podendo chegar a funcionar como ferramenta de exclusión. Polo tanto, a diferenza (percibida ou non) entre as nocións de tempo de diferentes grupos, épocas ou nacións, pode servir para crear fendas e explicar conflitos.

Partindo destas ideas, Griffiths et al. (2013) introducen os conceptos de sincronismo e disxunción, como parte da temporalidade das persoas migrantes. Segundo as autoras, existen diferenzas culturais na percepción do tempo, que son visibles a través de aspectos como a puntualidade ou o ritmo de vida, pero tamén a través dos distintos usos do tempo ou a prioridade dada ao pasado, o presente ou o futuro. Polo tanto, o feito de ter que adaptarse ao sincronismo imposto polo Estado e a industria no país de acollida pode ser unha fonte de disxunción temporal para as persoas migrantes. Ademais, as diferentes concepcións dos tempos tamén poden ser usadas para identificar aos “outros” e crear situacións de exclusión e conflito (Griffiths et al., 2013).

Alén das referidas disxuncións a nivel comunitario, as persoas migrantes tamén sofren “rupturas temporais” a nivel individual, ben con outras persoas (moitas persoas migrantes afirman sentirse fóra dos tempos “normais” da sociedade de acollida, debido aos “tempos migratorios” como esperas prolongadas, aceleracións, trámites burocráticos...) ou dentro das súas propias vidas (combinación de longas esperas con cambios inesperados...). Segundo Griffiths (2014), a diferenza temporal contribúe á distancia vivencial que moitas persoas migrantes senten respecto dos demais, incluídos aqueles que comparten fisicamente o mesmo espazo.

Para tratar de evitar ditas disxuncións, Sharma (2014) afirma que as persoas migrantes vense obrigadas a “recalibrar” ou sincronizar os seus reloxos corporais, o seu sentido do futuro ou do presente, co tempo, a duración e a dirección do que ela denomina “arquitecturas temporais”, é dicir, a “complexa composición de leis, burocracias, servizos e tecnoloxías” que estruturan as súas vidas. Segundo Jacobsen (2021), dita “recalibración” une o que Barber e Lem (2018) denominan “temporalidades discrepantes da migración”, é dicir, as diferenzas entre como se imaxina a migración colectiva e individualmente, e como é xestionada polos estados.

Un exemplo desta “recalibración”, o atopamos na investigación levada a cabo por Jacobsen (2021) entre migrantes en situación irregular e solicitantes de asilo na cidade de Marsella (Francia). A autora, conta a situación de Bob, un migrante orixinario de Malí que chegou ao seu destino con fortes dores de estómago que levaba soportando durante meses. Unha vez alí, acudiu aos servizos médicos para ser atendido, pero estes recomendáronlle solicitar asilo antes, de cara a poder darlle unha mellor atención:

Eu dixen; pero o meu problema non é principalmente o de necesitar protección como solicitante de asilo. Eu, o meu problema, é a miña saúde. Polo menos, iso é o que quero primeiro. Pero dixéronme que non, primeiro debes ir pedir asilo. Entón, agora vou pedir asilo. Pero estou canso e quero ir primeiro ao hospital. (Jacobsen, 2021, p. 49)

Pese a que na literatura académica existe un certo consenso á hora de falar das temporalidades específicas das persoas migrantes, algunhas autoras, como Ramsay (2019), critican a tendencia a tratar

esta como unha categoría específica e diferente, e non coma un caso emblemático dentro dunhas experiencias xeneralizadas de precariedade a nivel temporal provocadas polas configuracións contemporáneas do capitalismo liberal (Jacobsen e Karlsen, 2021).

2.2.4 Incerteza temporal

“O poder absoluto é o poder de volveuse impredecible e negar ás outras persoas calquera anticipación razoable, para colocalas nun estado de total incerteza...” (Bourdieu, 1997/2000).

Tal e como afirman Horst e Grabska (2015), a incerteza é unha condición permanente na vida humana, unha experiencia fundamental no ámbito da nosa existencia. No mesmo sentido, Maas et al. (2021), afirman que, xa antes da pandemia da COVID-19, a nosa época fora descrita como a “era da incerteza”. Sen embargo, tanto a pandemia como máis recentemente a Guerra da Ucraína levaron ao mundo occidental a un nivel de incerteza descoñecido en tempos recentes.

Este feito resulta importante, en primeiro lugar, porque pode axudar a entender mellor as situacións de incerteza que viven as persoas migrantes. Pero, ademais, tamén para comprender que estas deben ser analizadas dentro do contexto global no que se producen. Como xa vimos ao longo do presente traballo, as persoas migrantes están sometidas a altos niveis de incerteza ao longo das súas traxectorias migratorias. A literatura académica tense feito eco disto ao longo dos últimos anos, se ben, como indican Maas et al. (2021), o termo tense usado para describir fenómenos moi diversos e, en consecuencia, hai moitas conceptualizacións distintas do mesmo.

Por esta razón, nun traballo coma o presente, resulta especialmente importante enmarcar o concepto ao que se fai referencia. Tal e como se indica no encabezado deste apartado, ao longo da presente análise farase referencia fundamentalmente ao que Griffiths (2013) denomina “incertezas temporais”. Convén aclarar que o termo “temporal” non se usa neste caso como sinónimo de transitorio, senón facendo referencia a todo aquilo relacionado co tempo.

É dicir, estamos a falar da incerteza provocada polos tempos dos procesos migratorios, tal e como se foron describindo ao longo dos anteriores subapartados, e por todos os complexos procesos burocráticos, regras, normativas, criterios ou procedementos ao redor destes, que impiden ás persoas migrantes poder exercer control sobre o seu tempo presente e planificar o seu futuro (Cwerner, 2001; Griffiths, 2017; Tazzioli, 2021). Outras das cuestións que as investigadoras adoitan aducir como causa de incerteza entre as persoas migrantes son a falta de información sobre a súa situación, as variacións de prazos e criterios, ou a arbitrariedade dos mesmos (El-Shaarawi, 2015; Gabrielli et al., 2022; Tazzioli, 2021).

Todo isto leva a algúns autores, como Maas et al. (2021), a afirmar que:

É posible que as administracións dos países occidentais non poidan desafiar completamente a protección dos refuxiados. Non obstante, ao gobernar a través da incerteza intentan esquivar as súas obrigas internacionais e converter a protección dos refuxiados dun dereito individual a unha mercadoría a criterio da organización ou do estado. (p. 3564)

Na mesma liña, Tazzioli (2021), fala de “gobierno a través da desorientación”, facendo referencia aos factores sinalados anteriormente, e engadindo a estes as trabas impostas a través da tecnoloxía. Por último, Hylland (2021) sinala que os futuros imaxinados polas persoas migrantes non son só postos en espera, senón que son sabotados e usurpados activamente a través do “biopoder” promulgado pola burocracia en “institucións de opacidade kafkiana e complexidade bizantina”.

Máis aló dos traballos que sinalan aos poderes políticos como responsables da incerteza vivida polas persoas migrantes, resulta especialmente interesante o achegamento que Maas et al. (2021) fan ao afirmar que debido á ambigüidade das normas e ao descoñecemento acerca do contexto social e político da protección das persoas refuxiadas e migrantes, esta incerteza é a miúdo reproducida polo que eles denominan burócratas de nivel baixo, polas políticas a nivel local e mesmo a través das organizacións non gobernamentais (ONG). Os autores argumentan, igualmente, que o uso de intermediarios privados, como as ONG, permite ao Estado navegar dentro de temporalidades e realidades imprevisibles e gobernar a través da incerteza a medida que o traballo de implementación é transferido a ditas organizacións. Nun sentido máis positivo, os autores tamén sinalan como algúns destes actores axudan a reducir a incerteza, nomeando iniciativas locais como os movementos das “ciudades santuario” ou as “ciudades solidarias”.

Tal e como indica Schultz (2021), a incerteza acompaña ás persoas migrantes ao longo do seu proceso migratorio e dos diferentes status alcanzados, argumentando que o propio estatuto de refuxiado tense convertido nunha protección temporal e, polo tanto, tamén suxeita a incerteza. O feito de que esta se prolongue a través dos longos procesos de espera e de todo o traxecto migratorio fai que algúns autores, como Brun (2015), falen de incerteza prolongada. Ao igual que a través do tempo, a incerteza tamén adoita prolongarse a través do espazo, incluso unha vez alcanzado o país de destino. Sen embargo, as análises tenden a centrarse, en campamentos, centros de internamento, ou os xa referidos “hotspots” (El-Shaarawi, 2015; Maas et al., 2021).

É nestes lugares onde se fai máis evidente o concepto de “liminalidade” ou limbo, ese estado no que as persoas quedan atrapadas por un tempo indefinido nunha situación intermedia, tanto no espazo, entre o país de orixe e o de destino, coma no tempo, entre a vida pasada e a futura (El-Shaarawi, 2015). Neste tipo de espazos, segundo El-Shaarawi (2015), faise visible a convivencia entre unha incerteza temporal e unha incerteza espacial. Se ben esta non é o obxecto principal do presente traballo é importante ter en conta a súa existencia de cara a facer unha análise máis acaída, xa que ambas atópanse intimamente relacionadas. Igualmente, tal e como indican Schiltz et al. (2019), á hora de realizar unha análise da incerteza das persoas a través do seu proceso migratorio, convén non esquecer a conexión que esta ten coas situacións de incerteza vividas nos países de orixe, que foron o punto de partida do seu proceso migratorio.

2.3 O IMPACTO DOS ASPECTOS TEMPORAIS DOS PROCESOS MIGRATORIOS NA VIDA DAS PERSOAS MIGRANTES.

Neste subapartado farase un repaso da literatura co fin de coñecer os principais aspectos da vida das persoas migrantes que, en base a esta, poden verse influídos polos aspectos temporais dos seus procesos

migratorios. Dita revisión servirá para categorizar ditos aspectos, co fin de usar esta clasificación durante o resto da investigación. Este subapartado está relacionado co segundo obxectivo xeral.

Pese á proliferación durante os últimos anos da literatura académica en torno aos aspectos temporais dos procesos e sistemas migratorios, a investigación dedicada de forma específica a este campo non ten prestado unha especial atención a como estes aspectos impactan nos distintos ámbitos da vida das persoas migrantes. Atópanse, en todo caso, numerosas referencias a ditos impactos, especialmente aqueles que teñen que ver cos aspectos psicolóxicos e emocionais, pero dunha forma xeral e sen entrar a categorizar estes. Por todo isto, neste subapartado tratarase de facer, en base a unha revisión da literatura académica especializada, unha clasificación dos principais aspectos da vida das persoas migrantes que se poden ver afectados polas temporalidades dos procesos e os réximes migratorios, e usar esta no resto da investigación.

En primeiro lugar por ser, como xa dixemos, o aspecto máis mencionado na literatura, hai que falar dos impactos no ámbito psicolóxico e emocional. Nun estudo levado a cabo entre 7000 persoas refuxiadas residentes en países occidentais, Fazel et al. (2005), citadas en Canning (2021), descubriron que as persoas na procura de asilo teñen ata cinco veces máis probabilidades de sufrir algún problema de saúde mental que o resto da poboación, e que máis do 61% experimentará un sufrimento mental grave. Aínda que ditos padecementos non poden ser atribuíbles na súa totalidade a aspectos temporais ou á incerteza vivida unha vez chegadas ao país de destino, Canning (2021) conclúe que estes aspectos poden provocar, non só un agravamento de traumas anteriores, senón xerar novos problemas emocionais e psicolóxicos.

Os problemas de saúde mental e emocional poden verse agravados cando aos tempos de espera e á incerteza se lles suma o confinamento espacial en centros de internamento (Canning, 2021) ou de detención (Griffiths, 2013). En base ás súas investigacións realizadas nestes, Griffiths (2013) afirma que os problemas máis mencionados polas persoas detidas neste tipo de dispositivos son o estrés, o insomnio, as autolesións, os intentos de suicidio ou a audición de voces.

Finalmente, segundo El-Shaarawi (2015), a incerteza dos procesos migratorios e a dificultade de imaxinar o propio futuro provoca nas persoas “cansazo, preocupación, tristeza e outros problemas cognitivos/emocionais”. Para a autora, a incerteza e o sufrimento están polo menos tan relacionados cos aspectos temporais como o están cos aspectos espaciais. Así mesmo, considera que “a incerteza faise eco do concepto de ‘inseguridade ontolóxica’ de Giddens (1984, 1990), no que se evoca a ansiedade como resposta á interrupción da traxectoria vital” (El-Shaarawi, 2015, p.52).

Segundo a propia El-Shaarawi (2015), os problemas psicolóxicos e emocionais inducidos pola temporalidade nas persoas migrantes tamén poden levar a estas a sufrir problemas de saúde física a través de procesos de somatización. No mesmo sentido, Rotter (2016), durante a súa investigación entre persoas migrantes na cidade escocesa de Glasgow, observou como moitas persoas consideraban que a adquisición dun status máis estable podería axudarlles a recuperarse das enfermidades crónicas xeradas polo estado de estrés no que vivían a causa da incerteza.

Tamén atopamos referencias na literatura a como a saúde das persoas pode verse en risco debido ás esperas ou ás trabas burocráticas para acceder ao sistema de saúde. Estes problemas poden chegar a

darse incluso naqueles países nos que o acceso a este é universal, xa que moitas persoas deixan de acudir ao médico por medo a ser reportadas á policía, ao atoparse nunha situación irregular ou cun status precario (Jacobsen, 2021; Karlsen, 2021). Noutros casos, os tempos migratorios poden provocar que persoas que se atopen no medio de tratamentos médicos ou, incluso, á espera de realizar unha operación importante para o seu futuro, vexan estes interrompidos a causa da súa situación migratoria (Karlsen, 2021). Por último, na literatura atópanse tamén exemplos que amosan como os centros de internamento ou detención son lugares propicios, non só para a aparición de enfermidades, senón para todo tipo de lesións físicas, froito das autolesións ou das pelexas e a violencia entre os propios internos, coa seguridade dos centros ou coa policía, tal e como narran Boochani et al. (2018).

Outros dos impactos referidos a nivel académico son aqueles que teñen que ver coa vida familiar e afectiva. Un dos aspectos máis tratados en relación a este ámbito é a relación coas familias que quedaron atrás, nos países de orixe. Así, atopamos traballos que reflicten como a incerteza temporal das persoas migrantes vese trasladada ás familias no país de orixe, ben por depender estas das remesas enviadas dende o exterior para a súa propia subsistencia ou por atoparse á espera de poder emprender o proceso de reagrupación no país de destino (Jacobsen, 2021; Schuster et al., 2021)

Son tamén habituais as referencias a casos de persoas migrantes que manifestan as dificultades á hora de atopar unha parella, casarse, ou formar unha familia, debido ás temporalidades dos seus procesos migratorios. Algunhas destas persoas manifestan que, na súa espera, senten que lles está a “pasar a idade” de ter descendencia (Canning, 2021; Drangland, 2021; Griffiths, 2014). No mesmo sentido, Robertson (2014) manifesta que moitas persoas vense obrigadas a acelerar a busca dunha parella para facilitar a obtención de visados. Por último, tamén se poden atopar numerosas referencias ás dificultades que moitas persoas teñen para compatibilizar a vida familiar e a laboral, especialmente no caso das mulleres, ao verse destinadas pola temporalidade e precariedade dos seus status a sectores coma o dos cuidados que, pola súa propia natureza, dificultan calquera tipo de conciliación (Vianello, 2022).

A formación e o emprego son outros dos aspectos das vidas das persoas migrantes que que poden verse afectados polos tempos migratorios. Tal e como indican Griffiths et al. (2013), “a incerteza sobre a temporalidade e a permanencia pode axudar a atrapar ás persoas migrantes nun traballo precario...no que as rutinas e a seguridade do emprego poden estar ausentes”. Citando a Yeoh e Huang (2010), as autoras afirman que as traballadoras migrantes poden verse confinadas en espazos temporais específicos, nos que sería menos probable que se visen envoltas traballadoras ou traballadores locais. Entre estas especificidades nomean os traballos a quendas, os horarios nocturnos, as xornadas laborais prolongadas ou a combinación de múltiples empregos.

Tal e como indica Cwerner (2001), en base ao seu estudo entre migrantes brasileiros vivindo en Londres, a situación transitoria na que se ven envoltas as persoas migrantes fai que as carreiras comezadas nos países de orixe corran o risco de caer no esquecemento, sendo substituídas polo que o autor denomina “carreira de inmigrante”. No mesmo sentido, Jacobsen (2021) mostra as dificultades coas que ditas persoas atópanse para compaxinar os interminables trámites burocráticos e as esperas asociadas a estes co comezo dunha carreira laboral.

Por último, a temporalidade das políticas migratorias pode afectar de maneira significativa á inclusión social e ao acceso ao estado de benestar no país de destino. Un dos aspectos afectados pode ser, segundo autoras como Schultz (2021) ou Canning (2021), a aprendizaxe de novas linguas. A situación de temporalidade percibida polas persoas migrantes fai que moitas sopesen se merece a pena facer o esforzo de estudar unha nova lingua se a súa permanencia no país non está garantida.

Outro problema relacionado cos tempos migratorios que pode afectar á inclusión na sociedade de destino é o que Vrabiescu (2019) denomina “realización da temporalidade ‘obxectiva’ e colonial (estrutural) incrustada nos programas de inclusión social” que, segundo a autora, serve para marxinar ás persoas migrantes analizadas no seu traballo. No mesmo sentido, Gabrielli et al. (2022) sinalan que os “tempos” dos dispositivos dentro do sistema de acollida de solicitantes de Protección Internacional (en adiante PI) en España non teñen en conta en moitos casos os compromisos relixiosos das persoas residentes, como poden ser os horarios de comida durante o Ramadán.

Así mesmo, o acceso ao estado de benestar pode verse limitado polas temporalidades migratorias, por exemplo, polos tempos de espera para poder presentar a solicitude de asilo, que deixan ás persoas cun acceso máis limitado ao estado de benestar ou, unha vez feita esta, a espera para poder conseguir cobertura sanitaria (Jacobsen, 2021). Por último, na literatura académica tamén se fai referencia ás limitacións de acceso á vivenda para as persoas migrantes ao verse, por exemplo, dun día para outro, fora dun dispositivo especializado debido a un cambio no status migratorio (Meier e Donà, 2021).

Polo tanto, en base á revisión exposta ao longo do presente subapartado, a investigación destinada a explorar e analizar o impacto que os aspectos temporais teñen sobre a vida das persoas migrantes, estará centrada nos seguintes ámbitos:

- Saúde mental e emocional
- Saúde física
- Vida familiar e afectiva
- Formación e emprego
- Inclusión social e acceso ao estado de benestar

2.4 XESTIÓN DA TEMPORALIDADE E A INCERTEZA POR PARTE DAS PERSOAS MIGRANTES

Neste subapartado preséntanse as principais teorías e investigacións que buscan explorar que ferramentas e estratexias utilizan as persoas migrantes para xestionar as temporalidades e a incerteza temporal vividas ao longo do seu proceso migratorio. Este subapartado está relacionado co obxectivo secundario establecido para o presente traballo.

En paralelo ás investigacións centradas en analizar os aspectos temporais dos procesos e sistemas migratorios e a incerteza temporal xerada por estes, moitas autoras e autores tamén teñen analizado de que xeito as persoas migrantes navegan a través de dita incerteza tratando de retomar o poder sobre as súas vidas e xestionar a súa situación (Miellet, 2021).

Tal e como indican Horst e Grabska (2015), unha das claves á hora de entender o xeito en que as persoas migrantes xestionan a temporalidade e a incerteza é a esperanza. As autoras, baseándose nas análises

realizadas sobre o terreo por Hage (2003) e Hernández-Carretero (2022), indican que a esperanza serve para mediar na incerteza e como motor de acción. Igualmente, tamén fan referencia aos estudos que exploran os vínculos entre a incerteza e a esperanza, co fin de explorar a relación entre as emocións e as accións inspiradas por esta.

Sen embargo, tal e como indican as propias autoras, a esperanza exerce como arma de dobre fío. Por unha banda permite ás persoas ver a incerteza como un feito temporal, aferrándose á idea dun futuro próximo nun lugar ou circunstancias mellores. Pola outra, o feito de ter a vista posta nese futuro hipotético pode impedir ás persoas aceptar a súa situación actual e desaproveitar as oportunidades que esta lles poda ofrecer. En todo caso, segundo Horst e Grabska (2015), a perda de dita esperanza pode levar á resignación e á pasividade e, con isto, a graves consecuencias para a vida das persoas, especialmente a nivel psicolóxico.

As mesmas autoras sinalan que as estratexias seguidas polas persoas migrantes para navegar a través da incerteza poden clasificarse “en termos de fe, precaución ou evitación, ou unha combinación das tres”. En base a isto, a navegación pode implicar unha grande variación no nivel de proactividade e compromiso cos resultados, chegando incluso ás veces a optarse pola aceptación da situación, e a inactividade. En todo caso, entre as distintas formas de afrontar a incerteza existe tamén un potencial de innovación e transformación social (Horst e Grabska, 2015).

Miellet (2021), considera que a xestión da incerteza por parte das persoas migrantes vai moito máis aló da resiliencia. Citando a Katz (2004), afirma que a “distinción terminolóxica” feita por esta entre resiliencia, reelaboración⁴ e resistencia, é unha boa base teórica para entender os distintos xeitos nos que as persoas migrantes xestionan as situacións de incerteza. Tal e como indica Sparke (2008):

A resistencia implica a conciencia de oposición e logra un cambio emancipador, [. . .] reelaborar altera a organización pero non a polarización das relacións de poder, e a resiliencia permite que as persoas sobreviván sen cambiar realmente as circunstancias difíciles. (p. 424)

Segundo Horst e Grabska (2015), o xeito no que as persoas migrantes xestionan as situacións de incerteza depende en grande medida dos seus perfís, das súas circunstancias, e do lugar no que se atopan dentro do seu proceso migratorio, tanto a nivel espacial como temporal. En todo caso, as autoras afirman que moitas das formas nas que as persoas buscan restablecer a certeza nas súas vidas, son “con e a través dos demais”. Entre os exemplos expostos, atópase a relixión ou a familia, entendendo esta nun sentido ampliado (clan, grupo étnico...).

Camilla Alberti (2021), citada en Maas et al. (2021), levou a cabo un estudo sobre o papel dos actores privados na acollida de persoas refuxiadas na Suíza. A súa investigación mostra como, ao engrosar a interface entre as distintas esferas na toma de decisións e de implementación, estes elementos convértense nun tampón de múltiples capas que “dilúe, absorbe pero, tamén, despraza” as inseguridades

⁴ O termo “*reworking*” usado por Miellet (2021), citando a Katz (2004), resulta de difícil tradución, se ben óptase por utilizar o termo “reelaboración” por ter sido usada anteriormente esta tradución na bibliografía consultada.

relacionadas coa xestión dos sistemas de acollida. Deste xeito, as entidades privadas pasan a xogar un papel fundamental á hora de axudar ás persoas migrantes a xestionar a súa incerteza.

Maas et al. (2021), citan tamén o traballo levado a cabo por Oomen et al. (2021), no que analizan “as dinámicas, os discursos e as implicacións da diverxencia na acollida e integración de refuxiados nas cidades europeas” (p. 3565). No seu traballo, as autoras poñen o foco nas autoridades locais e en como estas, a través de distintas estratexias de diverxencia, tanto dentro coma fóra dos límites do dereito interno, poden chegar a enfrontarse ás políticas migratorias nacionais.

En base ás súas investigacións levadas a cabo en Calais, Londres e Berlín con persoas solicitantes de asilo, Meier e Donà (2021) afirman que as persoas migrantes perseguen múltiples obxectivos durante a súa espera, dependendo estes das súas posibilidades. Así, describen como moitas persoas estudan linguas, traballan (con ou sen permiso), fórmanse, buscan crear familias...Describen tamén casos de persoas que, incluso dentro de centros de internamento, deciden realizar actividades rutineiras (axudar coas fotocopias...) como xeito de sentirse útiles, ou persoas que deciden realizar actividades de voluntariado en hortas comunitarias. Por último, tamén fan referencia a pequenos actos de resistencia, coma o dun rapaz que decidiu abrir unha páxina de facebook para crear conciencia acerca da situación das persoas migrantes.

Na mesma liña, Rotter (2016) comprobou durante a súa análise da vida das persoas solicitantes de asilo no Reino Unido, como estas adoitaban encher o seu tempo cun gran número de actividades e cunha activa vida social. Ademais das actividades rutineiras do día a día, como levar ás nenas á escola, estudar, socializar ou ir ao mercado, as autoras describen como moitas persoas deciden involucrarse en movementos sociais co fin de reclamar os seus dereitos. A autora afirma que, en todo caso, a capacidade de actuar depende da situación individual de cada persoa, nomeando entre os factores a ter en conta, o lugar no que se leva a cabo a espera e a tecnoloxía da que se dispón. Precisamente, a tecnoloxía e as redes sociais xogan tamén un papel importante entre as persoas migrantes á hora de facer fronte a situacións de incerteza, tal e como expón Sara Miellet (2021). Durante a súa investigación, a autora descubriu como as persoas solicitantes de asilo adoitan usar estes medios especialmente como un mecanismo de resiliencia.

Nese sentido, nos últimos anos teñen xurdido casos de persoas migrantes que deciden usar a súa experiencia persoal para enfrontarse á orde establecida, e aos sistemas de xestión migratoria impostos polos gobernos. Entre estes, atopamos a Souheil Benslimane, quen tras 16 anos vivindo en Canadá, leva catro afrontando unha orde de deportación derivada dunha condena recibida na súa adolescencia. Durante esta situación de espera, incerteza e privación de dereitos, optou por converterse en fervente activista en defensa dos dereitos das persoas migrantes, especializándose en casos de “dobre castigo”, coma o seu, no que as persoas migrantes (incluso residentes permanentes) que cometen un delito poden verse non só sometidas ao sistema penal, senón a unha orde de deportación (Benslimane e Moffette, 2019).

3 METODOLOXÍA

Para levar a cabo a investigación óptase por unha metodoloxía cualitativa, ao considerarse que é a máis adecuada para analizar unha realidade subxectiva, complexa e dinámica como a que se pretende estudar. Ao mesmo tempo, esta metodoloxía permite ao investigador comprender as experiencias vividas dende o punto de vista das persoas protagonistas, algo totalmente necesario de cara a conseguir os obxectivos propostos no presente traballo. Tal e como indican Taylor e Bogdan (1984), o estudio das persoas a través de métodos cualitativos fai que cheguemos a coñecelas no persoal, e a experimentar o que elas senten a través das súas loitas cotiás. Ademais, co fin de incrementar a validez dos resultados da investigación, levaranse a cabo dous tipos de triangulación intramétodo: De fontes e de técnicas (Feria et al., 2019).

O centro da investigación recae na realización de entrevistas semiestruturadas a seis persoas migrantes con distintos perfís migratorios, é dicir, con diversidade en canto á orixe, o tipo de viaxe, o xénero, viaxe con ou sen familia..., co fin de ter unha visión máis ampla das cuestións abordadas (os perfís migratorios inclúense no [Anexo III](#)). En todo caso, tal e como se dixo no primeiro apartado, tratase de persoas en situación administrativa precaria (Goldring et al., 2009). A elección de seis persoas para realizar as entrevistas débese ao intento de manter un equilibrio entre a consecución dos obxectivos propostos e as limitacións de extensión do propio traballo. Esta limitación numérica e as dificultades para acceder a persoas, non só dispostas a facer as entrevistas, senón con dispoñibilidade horaria para colaborar no traballo, fixeron que non se puidera alcanzar toda a variedade de perfís desexada, especialmente no referente á idade. Deste xeito, todas as persoas entrevistadas atópanse nun rango entre os 28 e os 40 anos. Se ben este feito non invalida os resultados obtidos na investigación, si convén telo en conta á hora de interpretar estes.

As entrevistas foron estruturadas en tres partes, cada unha delas correspondente a cada un dos tres obxectivos formulados, tal e como se pode observar na táboa exposta no [Anexo I](#). Na mesma táboa indícanse os temas tratados en cada unha desas partes e os métodos de recollida e análise de datos utilizados. Para acadar o primeiro obxectivo realízase un percorrido ao longo da traxectoria migratoria das persoas, co fin de coñecer como se presentaron e foron vividas as temporalidade ao longo desta, dependendo do momento, do lugar, do status migratorio...Para facilitar tanto a investigación como a posterior exposición dos resultados elabórase unha liña de tempo das traxectorias migrantes, onde se reflexa a forma en que os tempos dos sistemas migratorios estruturan e enmarcan ditas traxectorias.

Co fin de mellorar a calidade da investigación, especialmente tratándose dun ámbito tan complexo e pouco tratado ata o momento na literatura académica, decidiuse realizar unha triangulación de fontes no referente ao segundo obxectivo xeral. Para isto, leváronse a cabo catro entrevistas semiestruturadas a profesionais con ampla traxectoria no campo das migracións, especializadas nos distintos aspectos que se teñen detectado como potenciais fontes de impactos por parte dos tempos do sistema. Os perfís seleccionados e a súa correlación cos ámbitos a analizar preséntanse nunha táboa incluída no [Anexo II](#).

Todas as entrevistas leváronse a cabo ao longo dos meses de xuño e xullo de 2022 a través da plataforma Zoom, e foron gravadas (co consentimento informado das participantes) para facilitar a transcrición e posterior análise das mesmas. No caso das entrevistas ás persoas migrantes, debido á extensión dos

temas a tratar e a complexidade dos mesmos, decidiuse dividir as entrevistas en dúas sesións. Así mesmo, na exposición da análise e discusión de resultados decidiuse usar pseudónimos, no caso das persoas migrantes, e o nome da profesión, no caso das profesionais das migracións, co fin de salvagardar o anonimato e a intimidade das persoas entrevistadas.

Por último, levouse a cabo unha triangulación a través de toda a investigación co uso do método autoetnográfico, definido e promulgado por autoras como Ellis e Bochner (2000). A través deste método, o investigador adoita poñer no centro do relato as súas propias vivencias. Non é o caso do presente traballo, onde, como xa se sinalou, a parte central recae nas traxectorias e as vidas das persoas migrantes entrevistadas. Sen embargo, considereirei que o feito de incorporar a miña experiencia e coñecementos no ámbito migratorio tanto á hora de deseñar o proxecto, como á hora de levar a cabo a investigación e presentar os resultados e conclusións da mesma, podería axudar a alcanzar os obxectivos propostos, e a enriquecer o traballo no seu conxunto.

4 ANÁLISE E DISCUSIÓN DE RESULTADOS


No presente apartado expóñense os resultados obtidos trala investigación levada a cabo para dar resposta aos obxectivos formulados ao inicio do traballo. Co fin de que a exposición destes sexa o máis clara posible, preséntase de forma estruturada, correspondéndose cada un dos subapartados con cadanseu obxectivo. Deste xeito, o apartado 4.1 correspóndese co primeiro obxectivo xeral, o 4.2 co segundo e o 4.3 co obxectivo secundario. Así mesmo, dentro de cada subapartado a exposición realízase seguindo os bloques temáticos expostos nas estruturas das entrevistas.

En base a isto, no caso do primeiro obxectivo xeral os resultados divídense ao mesmo tempo en dous subapartados. No primeiro, 4.1.1, expóñense as liñas de tempo de cada unha das persoas migrantes entrevistadas, nas que se reflexa como se presentan os tempos dos sistemas e réximes migratorios, e como estes estruturan e enmarcan a nivel temporal as traxectorias de ditas persoas. No segundo, 4.1.2, analízanse como son vividas ditas temporalidades ao longo do proceso. A exposición dos resultados faise seguindo a mesma orde temática seguida durante a realización das entrevistas. O mesmo ocorre no caso do segundo obxectivo xeral, no que cada un dos subapartados nos que está dividida a exposición correspóndese con cada un dos temas tratados durante ese bloque das entrevistas, seguindo o mesmo orde que nestas.


4.1 OS TEMPOS

4.1.1 Os tempos dos sistemas e réximes migratorios. Liñas de tempo das traxectorias migratorias

ROXANA



CARLOS ANDRÉS



JUANA






Ilustración 3: Liña de tempo da traxectoria migratoria: Juana. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados nas entrevistas.


MOHAMED



AICHA



IBRAHIMA



4.1.2 Os tempos vividos polas persoas migrantes

4.1.2.1 *Desaceleración e espera*

A análise dos tempos migratorios plasmada nas liñas de vida das persoas migrantes entrevistadas permite observar como as esperas son unha constante ao longo de todo o proceso que, como vemos, adoita prolongarse durante anos e, ás veces, durante o resto da vida. Así, atopamos numerosos exemplos desas “fronteiras temporais” referidas por Tazzioli (2018), como son as esperas para poder cruzar unha fronteira, para cumprir os requisitos de tempo de residencia ou traballo para solicitar un permiso, as esperas pola resolución dun expediente de arraigo, asilo ou nacionalidade e, incluso, a demora en recibir comunicacións de expedientes xa resoltos, e que poden cambiar a vida das persoas.

Alén desas esperas, que poderíamos incluír no que Dwyer (2009) denomina “esperas existenciais”, atopámonos co que o mesmo autor chama “esperas situacionais”, máis difíciles de reflexar nas liñas de tempo, pero que impactan igualmente nos procesos migratorios das persoas. Mohamed, rememorando os seus tempos en diversos campamentos gregos, afirma: “Tratábanos como números, non coma humanos. Alí aprendemos a estar en fila todo o rato, para comer, para ter mantas, para ducharnos...así todo o rato...”.

Máis aló dos campamentos, existen outras “esperas situacionais” ás que as persoas migrantes fan referencia de forma recorrente. Unha delas está relacionada coas dificultades para conseguir citas para os trámites de estranxeiría. Isto leva a que, en moitos lugares, xurdan mafias que se intentan aproveitar da situación para sacar proveito, tentando vender citas a persoas que desexan ou precisan acelerar os seus procesos. Carlos Andrés viviu esta situación nas súas propias carnes cando chegou a Madrid: “Para sacar cita, aquilo era un negocio...”. Na mesma liña, Roxana lembra como “antes, para que che atenderan tiñas que facer unha longa cola. Despois pasaron ás citas online...e entón non hai citas, e tes que seguir esperando...”. O problema é semellante cando a solicitude de cita debe facerse de forma telefónica, coma no caso das citas de estranxeiría na cidade da Coruña. Son moitas as persoas migrantes que, como Juana, teñen gravada na súa cabeza a melodía que soa mentres esperan para facer algún trámite, algo que non nos debe sorprender se atendemos ao seu exemplo:

A primeira vez que chamei, sen saber como funcionaba, esperei unha hora, e cando me colleron díxéronme que xa non quedaban citas, que tiña que chamar ao día seguinte ás 9, moi puntual. Ao día seguinte chamei ás 9, pero cando empezou a dar ton xa me dicía que estaba no posto 40 e, tras máis de dúas horas, cando colleron o teléfono, cortaron a chamada. Por fin, ao terceiro día, tras outra hora de espera, puíden conseguir cita. (Juana)

Todo o dito anteriormente ven corroborar o afirmado por Kobelinsky (2009) cando di que a espera “é a actividade por excelencia” das persoas migrantes. Mohamed, quen pasou a través do seu longo proceso migratorio por múltiples experiencias, resume de forma moi clara a complexidade das esperas ás que fan fronte as persoas migrantes: “Esperas colas, esperas procesos, esperas para que che atendan, esperas por unha resolución, esperas unha denegación ou o estatuto...esperas por esperar e, moitas veces esperas, e xa non sabes que estás esperando”.

Tal e como se indicou no apartado 2.2, a forma na que as temporalidades son percibidas polas persoas migrantes ten un alto compoñente subxectivo, podendo ser vividas de xeitos moi diferentes dependendo de múltiples factores (Griffiths et al., 2013; Griffiths, 2017). A análise levada a cabo, que abrangue todo o proceso migratorio e perfís moi diversos, axuda a percibir cales son algúns destes aspectos. Un dos factores que inflúe dun xeito máis negativo na forma de percibir as esperas é o confinamento espacial. Este, ponse de manifesto de xeito moi claro nos campamentos para persoas migrantes. Nestes lugares, as esperas van acompañadas normalmente dunhas condicións de vida precarias pero, ademais, de outros dous aspectos moi importantes de cara a acrecentar a sensación de espera: a incerteza, derivada da falta de información, e a ausencia de posibilidades de traballar ou levar a cabo actividades de ocio. Este último aspecto ten unha grande importancia xa que, como veremos no apartado 4.3, unha das ferramentas máis usadas polas persoas migrantes para xestionar as temporalidades é o manterse sempre moi activas.

Falando da súa experiencia en campamentos de migrantes en Grecia, Mohamed afirma que o único que facía cando chegou alí era o mesmo que facía todo o mundo, “comer, durmir e fumar”. Sen embargo, un día deuse conta de que non podía seguir así, e recordou as palabras dun psicólogo que vira nun vídeo de *youtube*: “*Impossible, pode transformarse en I am possible*”. Iso deulle enerxía, e dende entón empezou a facer actividades dentro das limitadas posibilidades que ofrecía a súa situación, como colaborar aparcando coches e axudar ás voluntarias que repartían comida no campamento algo que, como veremos máis adiante, acaboulle cambiando a vida. No mesmo sentido, o confinamento provocado pola pandemia da COVID-19 fixo que moitas persoas tiveran que cesar as súas actividades diarias, dificultando a súa xestión do tempo. En relación a esta época, Aicha manifesta que foi a máis complicada dentro dos 3 anos que debeu agardar en situación irregular : “Aí foi cando a espera se me fixo máis longa”.

Precisamente, as limitacións coas que se atopan as persoas en situación irregular para poder levar a cabo unha vida activa e plena poderían facer pensar que son estas as que máis sofren os tempos de espera. Sen embargo, isto non sempre é así. Como xa dixemos, as persoas adoitan buscar estratexias para seguir activas, aínda coas limitacións da súa situación administrativa. De aí que, nestes casos, a percepción da espera dependa en grande medida das opcións que teña a persoa para atopar un emprego, formarse, ou levar a cabo actividades de ocio e tempo libre que lle axuden a sentir que a súa vida sigue adiante. Isto depende, á súa vez, en moitos casos, do lugar no que viva a persoa. No caso de Aicha, se ben segundo as súas propias verbas, a espera se lle fixo longa, o certo é que o feito de ter acceso a un traballo e a cursos de formación oficiais da axencia de emprego vasca, axudou a mitigar dita sensación. En relación coa xestión tanto da espera como doutros aspectos temporais por parte das persoas que acceden ao país ou permanecen un longo tempo nel en situación irregular, resultan moi clarificadoras as palabras do psicólogo entrevistado co fin de coñecer o impacto das temporalidades na saúde mental e emocional das persoas migrantes:

A xente que está en situación irregular, moitas veces ten aceptada a súa situación e sofren menos. Ademais, adoita coincidir con persoas de orixe subsahariana. Igual ten que ver coas súas experiencias vitais, que lles fan estar acostumados a este tipo de situacións. (Psicólogo)

Esta reflexión debe servirnos para percibir que o xeito no que son vividas as esperas e outras temporalidades ten moito que ver coas experiencias pasadas das persoas, relacionadas en moitos casos

coa súa orixe. Ibrahima, quen leva xa máis de dous anos en situación irregular tras serlle denegada a súa solicitude de PI, corrobora ditas palabras: "Eu vivín cousas moi duras...isto non é nada".

Tal e como indica o psicólogo, outro aspecto que pode axudar a levar mellor a espera por parte das persoas en situación irregular é a aceptación da súa realidade. Isto resulta máis fácil para aquelas persoas que entran no país coñecendo esta situación, pero é moito máis complexo para aquelas que se atopan cunha situación irregular de forma sobrevida, tras desfrutar doutro tipo de status. Esta é unha situación moi común entre as persoas solicitantes de PI, que na súa maioría ven denegada a súa solicitude cando xa desfrutan dun permiso de traballo e, en moitos casos, dunha certa estabilidade na súa vida. Nestes casos, a situación de vulnerabilidade á que se ven abocadas, e a incerteza de verse na necesidade de iniciar novos procesos para legalizar a súa situación, adoita facer que as esperas posteriores resulten interminables. Este foi o caso de Carlos Andrés e Juana.

O primeiro quedou en situación irregular cando levaba 2 anos como solicitante de PI, e tras ter alcanzado unha boa situación a nivel laboral e persoal, véndose obrigado a deixar o seu traballo e, posteriormente, o seu piso, téndose que trasladar xunto á súa familia a un albergue. Para el, os meses posteriores, mentres esperaba a poder legalizar a súa situación, foron os máis complicados do seu proceso. Algo similar ocorreulle a Juana, se ben no seu caso, o non contar con cargas familiares aliviou un pouco o sufrimento. Ela describe así a súa situación: "A espera foi moito máis estresante cando esperaba pola resolución da solicitude de arraigo laboral...máis estrés, máis incerteza, os días eran máis longos, non podía traballar, e tiña a necesidade...".

Nestas verbas, Juana compara a súa espera pola resolución da solicitude de arraigo laboral, que durou 4 meses, coa súa espera previa de máis de 2 anos e medio pola resolución da solicitude de PI. O feito de que esta última, moito máis longa, se lle fixera máis levadía, ten que ver precisamente coas boas condicións de vida alcanzadas, grazas aos dereitos adquiridos polas persoas nesa situación que, especialmente a partir dos 6 meses, cando se lles concede o permiso de traballo, equipáranse, alomenos a nivel teórico, aos de persoas cunha situación administrativa máis estable. O feito de que o tempo de espera se prolongue normalmente moito máis aló dos 6 meses establecidos a nivel legal axuda a que as persoas adquiren dita estabilidade e a que en moitos momentos deixen de ser conscientes da temporalidade da súa situación.

Entre os casos analizados, Roxana é a única persoa que en ningún momento do seu proceso se viu en situación irregular. Sen embargo, as limitacións do permiso de traballo asociado ao seu visado de estudante, e as dificultades para homologar os seus estudos, fixeron que a súa procura dun emprego co que subsistir resultara infrutuosa. Ante o risco de quedar sen recursos e de verse abocada ao cabo duns meses a quedar en situación irregular decidiu, xunto á súa parella, á que coñecera no seu país pouco antes de vir de forma definitiva a Galicia, iniciar o proceso para facerse parella de feito e, deste xeito, ter acceso a un status que lle dera unha maior estabilidade. Pese a que o proceso para alcanzar dita estabilidade non foi tan longo como noutros casos, a incerteza da súa situación fixo que Roxana vivira a espera con moito sufrimento: "É moi complicado describir as sensacións. Por unha parte estás con moita desesperación...o tempo pasa moi lento. Por outra parte, está a ansiedade de estar agardando unha resposta positiva".

No caso de Roxana, tras case un ano en España, conseguiu un permiso de residencia e traballo de 5 anos. Algo máis debeu esperar Mohamed, quen tardou 2 anos e medio en recibir o estatuto de refuxiado. En ambos casos, a súa situación actual, con permisos de residencia a máis longo prazo, failles poder ver o futuro cunha menor incerteza. Neste contexto, a espera pola nacionalidade, na que ambos se atopan na actualidade, resulta moito máis levadía.

Como xa se viu ao longo do presente subapartado, a incerteza é un dos aspectos que máis repercute no xeito de percibir as esperas. Tal e como se verá máis polo miúdo no subapartado 4.1.2.4, os procesos migratorios están cheos de incertezas, debidas, en grande medida, á complexidade dos procesos burocráticos, á arbitrariedade dos mesmos e á falta de información. Nese sentido, considérase interesante pechar o presente subapartado con outra reflexión do psicólogo entrevistado, que serve para enlazar ambos subapartados:

A nivel psicolóxico sempre se dixo que unha persoa que está esperando algo, lévoa ben se sabe que a espera conduce a algo bo; lévao medianamente mal cando sabe que o destino vai ser trágico; pero o que peor se leva é a incerteza, non saber o que vai pasar, nin cando vai pasar. (Psicólogo)

4.1.2.2 *Aceleración dos tempos*

Tal e como se indicou no marco teórico, a rapidez nas resolucións de expedientes de estranxeiría adoita ser defendida polas institucións como un sinal de éxito e eficacia dos seus sistemas migratorios (Griffiths, 2014). Por esta razón, algúns gobernos, como o español, teñen insistido nos últimos tempos na súa intención de dotar a estes de maiores recursos co fin de acelerar os seus procedementos. Sen embargo, este feito leva, en moitas ocasións, a que durante o proceso de toma de decisións se incumpran as garantías legais establecidas e a igualdade de trato, levando en moitos casos a resolucións baseadas en criterios totalmente arbitrarios, como o país de orixe.

Durante os últimos anos téñense visto en España claros exemplos disto, como a axilización do procedemento de acollida ás persoas migrantes procedentes de Ucraína, que contrasta cos longos e complexos procedementos que deben padecer persoas chegadas ao país dende outras zonas en guerra. O mesmo ocorre coas persoas procedentes de Venezuela, que ven rexeitadas as súas solicitudes de PI nun curto espazo de tempo para, practicamente de inmediato, recibir a residencia por razóns humanitarias. Entre as persoas entrevistadas, o caso de Ibrahima podería servir tamén de exemplo desta discrecionalidade dos procesos. Das persoas investigadas que solicitaron PI, tres tardaron máis de 2 anos en recibir resposta, mentres que el a recibiu en menos de 1. Ibrahima ten claras as razóns para esta diferenza: “A xente de Senegal xa sabemos que non se van parar a estudar os nosos casos e que nos van denegar rápido pola nosa nacionalidade”.

Alén do indicado anteriormente, e tal e como se pode comprobar nas liñas de tempo das traxectorias migratorias expostas no apartado 4.1.1, as persoas migrantes adoitan moverse entre momentos de longas esperas, e momentos nos que o seu tempo vese acelerado de forma inesperada, sendo obrigadas a adaptarse a distintos ritmos durante o seu proceso migratorio (Rozakou, 2021). Tomando as palabras de Griffiths (2014; 2017), “as persoas migrantes viven dentro do sistema sabendo que calquera cambio pode ocorrer de súpeto, sen previo aviso”.

Así lle ocorreu a Carlos Andrés cando recibiu a denegación da súa solicitude de PI tras 2 anos de espera. No seu caso contou coa pequena vantaxe de ter sido advertido meses antes pola entidade que o acollera, da súa aparición como denegado nunhas listaxes internas que recibiran. Pese a todo, a comunicación oficial chegou dun día para outro, véndose obrigado a deixar o traballo no que levaba xa 1 ano e medio, e a ter que buscar contra o reloxo o acceso a recursos que lles permitiran sobrevivir durante os seguintes meses. Pese aos seus esforzos, Carlos Andrés e a súa familia acabáronse vendo obrigados a abandonar o seu piso e ter que recibir acubillo nun albergue, onde tamén recibían alimentos. “Cando por fin empezas a alcanzar certa estabilidade, chega un cambio, como unha denegación, e é como ter que comezar de novo...tes a sensación de que nunca chega a tranquilidade...”.

Algo semellante ocorreuulle a Juana, se ben no seu caso a denegación do permiso e os cambios que esta carreaba chegaron sen previo aviso:

En novembro de 2021, cando vou comunicar á policía un cambio de residencia, infórmanme de que xa chegou a miña resolución, tras máis de 2 anos e medio esperando...Eu daquela estaba traballando e o policía, que fora moi amable ata o momento, díxome: ‘tes 15 días para abandonar o país ou presentar un recurso, pero iso tampouco quere dicir que te podas quedar...en todo caso, agora sabemos onde vives...’ (co meu padrón na man). Era pola tarde, e tiven que chamar á empresa ás 19 h para comunicar que ao día seguinte non podía ir traballar porque me quitaran o permiso. (Juana)

Ao igual que no caso de Carlos Andrés, Juana viuse obrigada de inmediato a buscar a forma de subsistir ata conseguir un novo permiso pero, no seu caso, centrouse especialmente nisto último, tentando presentar a súa solicitude de arraigo laboral antes de que se cumprise o prazo de 15 días que, segundo lle advertira o policía, e tamén deixaran plasmado no seu pasaporte, tiña para abandonar o país. A preparación dos trámites levoulle incluso a ter que viaxar a un consulado a centos de quilómetros para conseguir o certificado de penais do seu país o antes posible. Sen embargo, pese a que conseguiu o seu obxectivo, topouse primeiramente con numerosas dificultades para poder conseguir unha cita para presentar a solicitude e, posteriormente, cun prazo de resolución que, aínda hoxe, resúltalle complicado entender: “Eu dicía, por que demoran tanto...o podo entender co asilo, que hai que estudar os casos, cada un é distinto...pero o tema do arraigo laboral, cumpres os requisitos ou non, iso compróbase nun momento...”.

O caso narrado anteriormente sérvenos para comprobar como as persoas migrantes tópanse unha e outra vez ante un sistema migratorio que incumpre de forma sistemático os seus propios prazos, mentres que resulta implacable ante os prazos e requisitos temporais das persoas migrantes ás que, ao mesmo tempo, pon continuas trabas para o cumprimento dos mesmos. Outro exemplo disto é o vivido por Aicha cando, despois de 3 anos de espera para poder legalizar a súa situación, topou coas trabas do propio sistema cando foi presentar a súa solicitude de arraigo social:

No meu caso, despois de 3 anos esperando, cando chegou o momento de presentar os papeis, vexo que teño que preparar moita documentación en moi pouco tempo...e que non depende de min...informe de penais do meu país, informe de arraigo [...] E unha vez concedido o permiso,

tamén tes un límite de días para ir solicitar a tarxeta, pero non hai citas...e iso tamén xera moito estrés... (Aicha)

Tal e como indica Aicha, a aceleración dos tempos das persoas non se produce unicamente cando lles son comunicadas decisións negativas. Tamén cando estas son positivas obrigan ás persoas a realizar trámites nun curto espazo de tempo que, como no seu caso, poden verse entorpecidos polas propias limitacións do sistema. Mohamed describe así como viviu el estas circunstancias: “Cando te resolven, de súpeto tes que entregar moita documentación, ou no momento de casarte, ou de pedir a nacionalidade, tes que entregar documentación do teu país, que chegue nun prazo determinado...”. Tanto a experiencia de Mohamed como todas as narradas ao longo do presente subapartado amósanos moi ás claras non só a existencia dunhas temporalidades específicas das persoas migrantes, senón as “rupturas” que existen tanto dentro destas (entre momentos de espera e de aceleración repentina) como entre estas e os propios tempos do sistema. Todo isto será analizado de forma máis específica no seguinte apartado.

4.1.2.3 *Sincronismo e disxunción temporal*

Seguindo o exposto no marco teórico do presente traballo existen diferencias culturais acerca da percepción do tempo, que as persoas migrantes deben afrontar cando chegan a un país. Aspectos como os horarios, a puntualidade ou os ritmos de vida poden diferir moito dunhas culturas a outras. Segundo Griffiths et al. (2013), o feito de ter que adaptarse ao sincronismo imposto polo Estado e a industria no país de acollida pode ser unha fonte de disxunción temporal para as persoas migrantes.

Alén disto, a investigación levada a cabo deixa de manifesto a existencia doutras fontes de disxunción temporal que causan un grande impacto sobre a vida de ditas persoas, algunhas das cales xa se deixaron entrever en anteriores subapartados. Ditas disxuncións parten da existencia dunhas temporalidades específicas das persoas migrantes, que virían definidas, en primeiro lugar, polas “fronteiras temporais” xa debulladas ao longo do presente traballo, e que quedaron reflectidas nas liñas de tempo das persoas migrantes expostas no apartado 4.1.1. En segundo lugar, polos tempos dos trámites burocráticos que, tal e como se expuxo no apartado 4.1.2.1, acábanse convertendo en moitos momentos na actividade central da vida das persoas migrantes. Por último, as temporalidades das persoas migrantes tamén veñen caracterizadas por unha percepción diferente dos tempos, que Roxana define do seguinte xeito:

Eu sempre digo que os tempos das persoas migrantes son diferentes. Vivimos nunha realidade temporal diferente. Un tempo de 3 meses para ti non é o mesmo que para min, eu non teño documentos, non teño papeis, non podo traballar...para min son 3 meses de moito sufrimento. (Roxana)

Partindo destes tempos específicos das persoas migrantes, as “rupturas” temporais poden vir dadas dun xeito interno, dentro das súas propias vidas, ou externo, por comparación cos tempos doutras persoas ou colectivos. Cando falamos das disxuncións temporais producidas dentro da propia vida das persoas, estaríamos falando dos casos nos que as persoas vense obrigadas a adaptarse aos ritmos cambiantes dos seus procesos migratorios, pasando de momentos de longas esperas a momentos nos que os tempos se aceleran de forma inesperada.

Se falamos da comparación con outros colectivos, as persoas entrevistadas parecen ter moi clara a diferenza existente entre os tempos das persoas migrantes e os das nacionais. No caso de Mohamed, inclúe incluso unha categoría intermedia: “Aquí hai uns tempos para a xente española e outros para os refuxiados. E hai outros tempos para a xente europea que vive en España, que estaría un pouco no medio”. Ditas diferenzas fanse especialmente patentes cando se convive con persoas españolas, como no caso de Roxana: “A miña parella tiña os seus horarios, as súas vacacións...eu tiña que estar pendente das miñas citas, traballando do que fose...e tiña que inverter moito tempo en trámites, en ir a ONG para informarme...”. Algo semellante ocórrelle a Juana, se ben no seu caso pon o foco nas diferenzas existentes entre os tempos burocráticos e institucionais das persoas estranxeiras, e os das nacionais:

A diferenza entre o trato aos nacionais e aos estranxeiros é claro e palpable, e entre todos os racismos, o racismo institucional relacionado cos tempos é algo obvio...Por exemplo, se eu vou coa miña parella nacional ao centro de saúde a darme de alta, a el llo fan en 2 minutos e a min...coma se fose unha extraterrestre, teñen que facer chamadas, fanme esperar...Ao final todo ten que ver coa ignorancia, o non coñecer os distintos permisos, documentacións...Moitas veces dinche, non tes outro documento? (Juana)

Ao igual que Roxana, Juana tamén destaca a diferente percepción dos tempos entre as persoas nacionais e as migrantes, poñendo especial énfase na gravidade que este feito alcanza cando as persoas que traballan en estranxeiría parecen non ter en conta a importancia que os tempos poden ter para as persoas migrantes ás que atenden. No seu caso, resultoulle especialmente indignante o feito de que, tras recibir a denegación da súa solicitude de PI, preparar en 15 días a súa documentación para a solicitude de arraigo laboral e pasar mañás enteiras ao teléfono buscando unha cita, o día desta, a funcionaria lle dixese que o sistema non funcionaba nese momento e que, para iniciar o trámite, tería que esperar a que lle mandasen por correo postal unha carta a casa co código para o pago das taxas. Nos correos que enviou os días posteriores para intentar axilizar o proceso, puxo a énfase precisamente na importancia que calquera demora, por mínima que fose, podía ter para o seu futuro.

Por último, para finalizar o subapartado, cabe mencionar un último tipo de disxunción temporal, xa citado no subapartado anterior, que é aquel que se produce cando os tempos das persoas migrantes topan cunha administración que non cumpre os seus propios prazos e, ao tempo, pon trabas para que ditas persoas poidan cumprir os seus.

4.1.2.4 *Incerteza temporal*

Retomando as ideas de Maas et al. (2021) reproducidas no marco teórico, xa antes da pandemia da COVID-19, a nosa época fora descrita como a “era da incerteza”. Sen embargo, a pandemia axudou a acrecentar dita sensación, ata sumir ao conxunto da poboación nunha incerteza extrema nunca antes vivida en épocas recentes. Por isto, resulta interesante a analoxía que se pode trazar entre a incerteza vivida durante a crise causada polo coronavirus e a incerteza coa que se ven obrigadas a vivir as persoas migrantes, co fin de comprender mellor a súa situación. Para referendar o acaído da comparación, basta con comprobar como unha das frases máis repetidas durante a pandemia é tamén a máis repetida polas persoas migrantes entrevistadas cando se lles cuestiona acerca das incertezas ao longo do seu proceso:

“Hai que vivir ao día”. Ibrahim o reproduce dun xeito moi simple: “Non podo planificar nada. Eu vivo ao día...non teño plans.”

Tal e como indica o psicólogo nas verbas reproducidas no apartado 4.1.2.1, a incerteza vivida polas persoas migrantes ven dada por “non saber que vai pasar, nin cando vai pasar”. A isto contribúen especialmente os complexos procesos burocráticos aos que se teñen que enfrontar ao longo da súa traxectoria, con criterios confusos, cambiantes e, moitas veces, aplicados de xeito arbitrario, xa que os prazos de resolución e o sentido das mesmas poden acabar dependendo en moitos casos do momento ou o lugar de presentación e, incluso, da persoa ou persoas que xestionen o expediente.

Como se verá no apartado 4.3, unha das ferramentas máis usadas polas persoas migrantes para reducir a incerteza durante o seu proceso é tentar ter a maior información posible sobre os permisos e os trámites a realizar. Sen embargo, a dificultade para acceder a información de calidade é outra traba que a miúdo se atopan no camiño. Isto é especialmente visible en campamentos e centros de internamento, tal e como explica Mohamed falando da súa experiencia no campo de Idomeni (Grecia):

Non había ningunha información, só estaba ACNUR, e non nos dicían nada. Coas voluntarias, empezamos a descargar as noticias, a traducilas e a pasarlhas á xente para que coñecesen cal era a situación real...aínda que moitos nos dicían que iso non era verdade. Non o crían! (Mohamed)

A falta de información oficial facilita que as persoas se deixen levar por rumores, moitas veces infundados, o que axuda a acrecentar a incerteza e, en última instancia, a frustración. En todo caso, tampouco o acceso a información veraz e contrastada garante que non vaia existir incerteza nos procesos, debido á antedita complexidade dos mesmos. Tal e como indica Mohamed: “A información axuda, pero ao final a burocracia destrúe a túa esperanza...”. Ese foi o caso de Roxana quen, tras informarse por tódolos medios sobre o proceso de homologación dos seus estudos de psicología, presentou a solicitude de validación coa esperanza de poder empezar a exercer a súa profesión tralo prazo estipulado de 12 meses. Sen embargo, as cousas non foron como agardaba:

Cando pasaron os 12 meses, eu estaba ansiosa porque pensaba que a miña vida ía mellorar, ía poder atopar un bo traballo...pero ao final tardou 18 meses e, cando chegou, non me daba acceso ao mestrado habilitante, nin ao traballo como psicóloga [...] levo case 5 anos loitando por exercer a miña profesión. (Roxana)

Juana e Aicha non só buscaron información sobre os seus procesos de arraigo (laboral e social respectivamente), senón que tamén contaron con asesoramento legal. Pese a todo, nin as propias profesionais consultadas puideron darlles moitas garantías sobre o resultado das súas solicitudes. Aicha narra así como viviu dita situación: “Tiña medo de perder o padrón, de non conseguir un contrato e, unha vez presentada, de que non me aprobaran a solicitude, porque incluso algunhas avogadas facíanme desconfiar de que o puidera conseguir...”.

Incluso unha vez presentadas as solicitudes, a información sobre o estado de tramitación das mesmas resulta moi escasa. Isto resulta especialmente grave no caso das solicitudes de PI, onde, tal e como indica Juana, as persoas deberan ter acceso a información sobre o seu expediente e ás razóns para o retraso na

resolución unha vez superados os 6 meses estipulados para a mesma. “O asilo tense que resolver en 6 meses, e tes que esperar anos sen ningunha información, aínda que en teoría tes dereito a ela”.

A falta de acceso a información e apoio durante o proceso por parte das administracións fai que as entidades sociais gañen moito peso á hora de acompañar ás persoas nos seus procesos, e axudar a mitigar a súa incerteza e o sufrimento derivado desta. Este acompañamento faise especialmente patente no caso das persoas que acceden ao programa de acollida de solicitantes de PI onde, aparte de contar con apoio noutros ámbitos, tamén o fan en materia legal, o que lles axuda a contar con información de primeira man sobre os trámites e con apoio para realizar os mesmos. As tres persoas entrevistadas que pasaron por dito programa recoñecen que durante o período que estiveron no mesmo sentiron unha maior seguridade sobre os seus procesos, se ben unha vez fóra sentiron novamente maior indefensión.

Mohamed vai un paso máis aló ao falar do importante papel xogado polas entidades sociais á hora de acompañar ás persoas nos seus procesos. Se ben recoñece que as administracións deberan facilitar o acceso á información, e á realización dos trámites ás persoas co fin de reducir a súa incerteza, sen que estas tivesen que recorrer á axuda dunha entidade, considera que actualmente “se vas sen unha persoa española que coñeza o funcionamento do sistema ou sen unha entidade detrás, moitas veces é imposible facer trámites.”

A incerteza tende a diminuír conforme se van alcanzando status migratorios máis estables pero, sen embargo, esta acompaña ás persoas migrantes ao longo de todo o seu proceso, incluso en estadios máis avanzados, dando soporte ao concepto de “incerteza prolongada” acuñado por autores como Brun (2015). Mohamed da fe disto falando do seu caso:

Agora mesmo, eu vivo ao día...non estou esperando nin a nacionalidade nin nada, porque non sei que vai pasar. Non sei se van aceptar, sen van solicitar máis papeis [...] obviamente, é distinto á incerteza existente noutros momentos do proceso, pero aínda agora sigo esperando...o meu fillo ten DNI español, e eu sigo esperando despois de 6 anos. (Mohamed)

4.2 OS IMPACTOS

4.2.1 Impactos na saúde mental e emocional

Tal e como se indicou no marco teórico, entre os impactos que as temporalidades e a incerteza vinculadas aos procesos migratorios teñen na vida das persoas migrantes, o máis visible é o que se produce sobre a súa saúde mental e emocional. Así, as persoas entrevistadas recoñecen que a inseguridade dos seus procesos e a súa situación administrativa fíxolles desenvolver distintas patoloxías e reaccións fisiolóxicas, entre as cales as máis comúns foron o estrés, a ansiedade, a depresión ou as dificultades para conciliar o sono.

Roxana, ten clara a vinculación entre a aparición dalgúns destes trastornos, e o seu proceso migratorio:

No meu caso si, eu desenvolvín ansiedade polo feito de estar sempre vivindo ao límite. Iso non o tiña no meu país. É moita presión...ao non ter nada certo ou asegurado...desenvolves ansiedade, depresión...[...] Cando me preguntan por que apliquei á nacionalidade [...] por ter un pouco de

calma, non ter que estar pendente sempre de andar renovando documentos...se podo aforrarme ese suplicio, para min vale a pena. (Roxana)

Como xa vimos en subapartados anteriores, o psicólogo entrevistado vincula os momentos de maior sufrimento, con aqueles de maior incerteza, de aí que a redución desta signifique tamén unha mellora na sintomatoloxía a nivel psicolóxico. Deste xeito, moitas persoas, como Roxana, ven na concesión da nacionalidade a chegada da estabilidade soñada e, con isto, o fin dos seus problemas. Precisamente, a perda da relativa estabilidade na que se atopou mentres estaba á espera da resolución da súa solicitude de PI foi o que provocou en Juana a aparición de distintas reaccións a nivel psicolóxico: “Mentres era solicitante de asilo todo era máis tranquilo...cando chegou a denegación, aumentou a incerteza e aí foi cando empezou a xurdir o estrés, a ansiedade...”. Estes mesmos trastornos son os que manifesta ter vivido Carlos Andrés, quen relaciona os mesmos coa aparición de síntomas a nivel físico a través da somatización, algo moi habitual como veremos no seguinte subapartado.

Como xa vimos anteriormente, non sempre as persoas que entran ao país sabendo que van estar abocadas a verse un longo tempo en situación irregular son as que máis sofren, precisamente por ter claras as súas expectativas. Sen embargo, o feito de atoparse nunha situación de grande vulnerabilidade durante un período de tempo tan prolongado pode provocar momentos de grande sufrimento a nivel psicolóxico e emocional. Aicha viviu así a súa experiencia:

Sentíame inestable, perturbada, custábame durmir, sempre lle estaba dando voltas á miña situación...cheguei a deprimirme...Ves como é a túa situación, a incerteza, a xente que se aproveita de ti...e empezas a pensar todos os esforzos que fixeches, o que vales, todo o que estudiaches na universidade...para estar nesa situación...Sentes que queres voar e non te deixan. Pensas que son 3 anos da túa vida, como mínimo, que non podes facer o que queres. É frustrante...sénteste moi limitada... (Aicha)

Entre os factores que inflúen nos impactos das temporalidades a nivel psicolóxico e emocional, o psicólogo considera que, alén da situación administrativa, o momento e a fase do percorrido migratorio xogan un papel importante. Igualmente, estima que resultan fundamentais as condicións de base que traen as persoas, vinculadas tanto ás circunstancias vividas no seu país de orixe como ao tipo de viaxe e percorrido migratorio ata chegar ao país de destino.

Inflúen os países de orixe. En xeral, as persoas que veñen de África, así, xeneralizando, veñen dunhas condicións moi malas nos seus países...polas guerras internas, os señores da guerra, a pobreza extrema...traen xa unhas condicións de base moi malas, ás que hai que engadir as secuelas das viaxes... (Psicólogo)

Tal e como vimos anteriormente, o propio psicólogo expón a posibilidade de que as duras condicións, tanto da vida no país de orixe como da viaxe estean detrás dunha mellor xestión das temporalidades e a incerteza coas que se atopan nos países de destino. Esta hipótese cómprese no caso de Ibrahim: “Xúrocho, a miña cabeza está ben, tranquila. Eu vivín cousas moi duras...isto non é nada”.

Máis aló das condicións nos países de orixe, outro condicionante importante, segundo o psicólogo, é o tipo de viaxe realizada e as condicións desta. Así, unha viaxe longa, con varios países de tránsito, malas

condicións de transporte e con riscos, tanto no percorrido como no cruce de fronteiras, pode supor unha afectación psicolóxica moi importante. Tal e como indica, “cando a viaxe faise directamente en avión, como nos casos da xente que ven de países latinos ou, máis recentemente, de Ucraína, eses impactos engadidos da viaxe desaparecen”.

Unha vez que as persoas chegan ao país de destino, o tipo de acollida que reciben resulta fundamental non só para evitar novos impactos a nivel psicolóxico, senón para paliar os problemas de base cos que chegan. Así, segundo o psicólogo: “Cando se entra nunha rede de acollida, por exemplo, no programa de acollida de solicitantes de PI, ao ter axudas económicas, unha vivenda, actividades...redúcese a incerteza e os impactos desta”.

En contraposición a este tipo de acollidas, sitúa os campamentos e dispositivos de emerxencia, onde o nivel de incerteza é “devastador”. “Faltan apoios, faltan recursos, é unha hipérbole da incerteza [...] xúntanse a inmovilidade temporal e a física, e iso tamén xera moito estrés”. En base á súa experiencia neste tipo de centros afirma igualmente que as condicións destes xeran “cadros de ansiedade extrema, que poden desencadear pelexas, conflitos. [...] No campamento houbo xente que estoupou dende o ansioso e xente que estoupou dende o depresivo. Isto pode levarlles a deixar de participar en actividades, talleres, citas de psicoloxía...”. E prosigue: “O que vivín alí, non o vivíramos nunca, nin eu nin as miñas compañeiras. Nalgúns momentos chegou a haber tres, catro ou cinco intentos de suicidio nun día, consumo de drogas, *lorazepam*, alcohol...Houbo moitas autolesións. [...] Os peores momentos coincidiron coas situacións de maior incerteza”.

O psicólogo cita ao profesor da Universidade de Toronto Jordan Peterson para afirmar que “a vulnerabilidade é como un globo, vaise inflando segundo se van afrontando situacións difíciles...e ese globo pode acabar rebentando por distintos sitios dependendo da persoa...”. Polo tanto, considera que á hora de analizar o sufrimento causado polas políticas de acollida nos países de destino debe terse en conta a situación previa vivida polas persoas que, en maior ou menor medida, veñen de situacións moi duras. Nese sentido, Mohamed indica que a inseguridade do proceso migratorio unha vez chegou a Europa, contribuíu a non poder solucionar traumas anteriores. Sen embargo, fai fincapé na importancia que ten o acudir a terapia psicolóxica para poder curar feridas pasadas, e así poder afrontar con máis forza o futuro.

4.2.2 Impactos na saúde física

"É imposible diferenciar a saúde física da saúde mental". Na mesma liña do indicado por El-Shaarawi (2015), a enfermeira especializada en atención a persoas migrantes entrevistada para o presente traballo considera que os problemas físicos e enfermidades padecidas polas persoas migantes están relacionados, en grande medida, cos problemas psicolóxicos e emocionais inducidos nestas pola incerteza e a temporalidade dos seus procesos migratorios. Deste xeito, indica que:

A maioría dos migrantes nas rutas de Grecia e Canarias son xente nova, que non debera ter grandes problemas de saúde. Sen embargo, atópase entre eles unha alta porcentaxe de persoas enfermas. Está claro que a somatización xoga un papel importante [...] Nos centros nos que hai persoas

confinadas é habitual atoparse con feridas causadas por pelexas ou autolesións, derivadas das situacións de estrés e ansiedade extremas. (Enfermeira)

Aclara, sen embargo, que no caso das persoas que se atopan confinadas en campamentos, á situación de espera e incerteza hai que engadir como factor determinante as malas condicións dos propios centros, pensados na maioría dos casos para o curto prazo e nos que, en moitas ocasións, a xente acaba vivindo durante meses e, incluso, anos. Entre as enfermidades e trastornos máis comúns, a enfermeira sinala os problemas intestinais, a diabetes, a hipertensión ou a epilepsia, “todas elas moi ligadas ao estrés”.

Se atendemos ao indicado nas súas entrevistas polas persoas migrantes acerca desta cuestión, a maioría coinciden igualmente en sinalar a relación entre a súa saúde a nivel físico e os problemas a nivel de saúde mental e emocional mencionados no subapartado anterior. Así, Carlos Andrés afirma: “Presentáronseme todas as enfermidades que nunca tivera: Xaquecas, dores de cabeza intensos...ata un vulto na parte posterior do pescozo, todo provocado polo estrés e a ansiedade”. No mesmo sentido, tanto el como Roxana e Aicha coinciden en sinalar a relación entre os problemas para durmir derivados destes trastornos e a situación de constante cansazo na que viviron durante algunhas etapas do seu proceso.

Na súa entrevista, a enfermeira tamén indica que os problemas de saúde mental, como a depresión, poden levar ás persoas a deixar de coidarse, podendo traer isto, en última instancia, consecuencias negativas para a súa saúde. En relación a isto, Aicha indica: “A verdade é que está moi relacionado. Se estás preocupada, prexudica á túa saúde mental, á túa dieta, non tes apetito, non te apetece facer exercicio, non tes enerxía...”. Esa mesma desidia pode levar ás persoas, segundo a enfermeira, a deixar de acudir a citas médicas ou revisións.

Ao igual que Karlsen (2021), tamén sinala que as limitacións á hora de acceder aos sistemas de saúde, ou o medo a acudir a un centro médico por temor a ser denunciadas cando se atopan nunha situación precaria, poden ser outras das causas de problemas de saúde nas persoas migrantes, relacionadas coas temporalidades. Tanto este factor como a desidia ou as dificultades para estabilizarse nun lugar, non só poden levar á aparición de novas enfermidades, senón que poden provocar un agravamento de patoloxías previas. Rememorando a súa experiencia, Mohamed manifesta que o feito de non ter acceso ao sistema de saúde ata despois de 6 meses residindo en España provocoulle o agravamento dalgúns problemas previos a nivel de saúde bucodental.

No referente ás diferencias entre perfís migratorios, a enfermeira destaca que as mulleres sempre se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade, especialmente cando as temporalidades están asociadas con condicións de confinamento espacial. Para soste desta afirmación indica que, por cuestións culturais, moitas mulleres migrantes teñen reticencias á hora de compartir os seus problemas xinecolóxicos, ou os relacionados coa saúde reprodutiva. Ditas reticencias poden verse agravadas no caso de ser atendidas por homes ou non poder contar con intérpretes.

Se nos atemos ao indicado polas persoas migrantes nas entrevistas, outra forma, se cadra máis indirecta, na que as temporalidades dos procesos migratorios poden afectar á súa saúde, especialmente no caso das mulleres, é a través das condicións de traballo. Tal e como veremos no apartado 4.2.4, as persoas migrantes vense a miúdo obrigadas a levar a cabo traballos que nunca antes realizaran nos seus países e,

en moitos casos, en condicións precarias. No caso das mulleres, ditos traballos están centrados en sectores como a limpeza ou os coidados, cunha grande compoñente física. Dúas das mulleres migrantes entrevistadas, Roxana e Juana, manifestan ter sufrido problemas físicos de diversa índole vinculados á realización deste tipo de traballos durante longas xornadas laborais.

Por último, alén das mulleres, a enfermeira manifesta que outro dos perfís máis vulnerable a nivel sanitario é o da infancia. Así, indica que, especialmente nos casos de confinamento en campamentos ou dunha grande inestabilidade a nivel espacial ao longo do tempo, resulta moi complicado facer un seguimento a nivel pediátrico das distintas etapas do desenvolvemento, das vacinas ou das enfermidades crónicas que poidan padecer.

4.2.3 Impactos na vida familiar e afectiva

Tal e como se indicou no marco teórico, a miúdo as temporalidades e a incerteza acaban trasladándose ás familias nos países de orixe, ben por estar estas á espera de recibir as remesas enviadas dende o exterior ou por estar pendentes de poder viaxar para reagruparse no país de destino. Se ben entre as persoas entrevistadas ningunha familia precisaba das remesas para poder subsistir, Mohamed afirma ter recibido unha certa presión por parte da súa, que lle ten pedido cartos de forma puntual sen ter en conta as súas circunstancias, nin intentar entender as trabas burocráticas atopadas no camiño: “A miña familia de alí non entendeu o proceso que eu tiven que pasar para chegar aquí, por moito que llo expliquei. ‘Ti estás aí, estás traballando, mándanos o diñeiro e xa’”.

No caso de Carlos Andrés, tanto a súa muller como as súas fillas tiveron que agardar a que se estabilizase un pouco a súa situación para poder viaxar. Isto engadiulle presión na súa etapa inicial en España, ao sentir que debía sacar á súa familia canto antes da situación de risco na que se atopaba. Si ben o feito de contar coa compañía da familia durante o proceso migratorio deulle forza nos momentos complicados, tamén aumentou o seu sufrimento ao sentirse responsable de que as súas fillas estivesen vivindo situacións tan duras. Igualmente, reconece que as dificultades do proceso migratorio crearon tensión dentro da familia en xeral, e da parella en particular:

Un cambio brusco, de ter todo no noso país, a non ter nada acá. Crease tensión dentro da familia, dentro da parella...hai moitas preguntas, moitas sinalizacións...pérdese a paciencia. Son uns estados emocionais que o corpo, tarde ou cedo, ten que explotar. Acumúlase moita tensión, moito estrés, moita *pensadera*...é demasiado...o 90% do día tes que estar pensando en que facer, como facer as cousas para poder ter os teus documentos... (Carlos Andrés)

Segundo o psicólogo, son moi habituais os casos de parellas que chegan xuntas e acaban colapsando polos distintos ritmos migratorios entre os dous cónxuxes. Esa diferenza de ritmos é moi evidente no caso de Carlos Andrés e a súa familia, como se pode ver na liña de tempo correspondente.

O resto de persoas entrevistadas tiveron que deixar atrás ás súas familias ao iniciar o proceso migratorio, a excepción de Mohamed, quen o fixo ao viaxar a España, deixando ao seu irmán e á súa familia en Grecia. En todo caso, a excepción de Roxana, ningunha puido regresar aínda ao seu país a visitar aos seus seres queridos. Os impedimentos legais e as temporalidades dos procesos e permisos fan que as persoas se vexan obrigadas a manterse afastadas destes durante longos e incertos períodos, o que incrementa aínda

máis o seu sufrimento. Juana pasou máis de dous anos e medio sen poder saír de España pola súa condición de solicitante de PI e, posteriormente, unha vez concedido o arraigo laboral, ten a necesidade de traballar o maior tempo posible para poder renovar o ano que ven o seu permiso, o que lle sigue dificultando o poder viaxar ao seu país. Ela describe así como leva vivido este período, que dura xa 3 anos e medio:

Levo máis de 3 anos sen ver á miña familia por culpa da miña situación e é duro, bótoos moito de menos. Aínda que teño que dicir que, pese á dureza, co paso do tempo creo que mellorou a comunicación cos meus pais e os meus irmáns, dalgunha forma, penso que ao estar lonxe a comunicación mellorou... Obviamente, cando estaba triste ou me sentía mal en Perú, podía correr a casa dos meus pais e unha aperta da miña nai reconfortábame...aquí iso non o teño. O ver aos meus irmáns crecer e aos meus pais envellecer...aí son consciente do paso do tempo. [...] O que máis lembro é que vivín o cambio de voz do meu irmán pequeno a través do teléfono. (Juana)

As novas tecnoloxías teñen axudado a que as persoas poidan manter unha comunicación constante coas familias no país de orixe e, deste xeito, levar mellor o distanciamento forzoso. Así, Ibrahim, afirma que fala todos os días por teléfono coa súa nai, coa que vivía en Senegal e á que bota moito de menos despois de 5 anos sen poder vela. Tamén mantén contacto continuo coa súa familia Aicha, quen tras case 4 anos espera que chegue pronto o momento do reencontro. No seu caso, afirma que a boa relación que mantiñan cando estaba no seu país, fai máis difícil a situación: “Ás veces, o ter tan boa relación coa túa familia pode ser peor...os botas máis de menos, pensas en volver, preocupaste por eles...”.

Sen embargo, o contacto a través do teléfono ou de videochamadas non serve para cubrir as necesidades afectivas das persoas. Aicha reconece que chegou a dar clases a nenas e nenos nas súas casas, non só polo diñeiro, senón por sentir un pouco de calor familiar. No caso de Mohamed, lamenta ter vivido na distancia a morte do seu sobriño e do seu pai. “Non podía abrazar á miña familia, chorar con eles...e iso aféctate moito”. No seu caso, sen embargo, o seu proceso migratorio fíxolle atopar unha nova familia, quen se ten convertido no seu maior apoio nos últimos anos. Todo aconteceu durante a súa estancia nun campamento grego onde quedara atrapado tralo peche de fronteiras. Foi entón cando coñeceu á que na actualidade é a súa muller e nai do seu fillo, quen colaboraba no centro como voluntaria.

No meu caso, o meu proceso axudoume a coñecer á miña muller. Nós pensamos nas cousas malas, pero as cousas malas non sabes o que te van traer...Grazas ao peche de fronteiras coñecín á miña muller. A ela e á súa familia. Isto faite sentir que es algo aquí, e iso é moi importante. Acolléronme, fixéronme facer parte da súa familia. Es unha persoa e es parte desta familia. (Mohamed)

No seu caso, o seu matrimonio nada tiña que ver coa axilización dos seus trámites migratorios. Sen embargo, durante o longo proceso para legalizar a súa unión tiveron que soportar unha e outra vez a desconfianza por parte da policía e as autoridades xudiciais. O certo é que as dificultades que teñen a maioría das persoas migrantes para conseguir unha certa estabilidade a nivel administrativo e, con iso, poder continuar as súas vidas cunha menor incerteza, fai que a opción do matrimonio sexa unha vía moi atractiva para axilizar os procesos. Iso fai que moitas parellas entre persoas nacionais e estranxeiras acaben acelerando os tempos das súas relacións co fin de rematar co sufrimento asociado aos permisos temporais. Este foi o caso de Roxana:

A nivel de relación tivemos que acelerar moito as cousas, primeiro indo vivir xuntos para demostrar que vivimos o tempo necesario para solicitar parella de feito, e despois facer esta unión, que non estaba planeada. Ao final, pasas a depender desta persoa para ter papeis...se despois resulta que esta persoa non é boa, ti estás atada pola necesidade...e hai unha relación desigual. (Roxana)

Tal e como indica Roxana, o feito de que o permiso quede condicionado a manter a relación pode crear unha sensación de dependencia e desigualdade dentro da mesma, coas consecuencias negativas que isto pode chegar a ter. Máis perigoso aínda resulta para as persoas solteiras, moi especialmente as mulleres, o feito de converterse en potenciais vítimas de mafias e persoas que ofrecen matrimonios a cambio de grandes cantidades de diñeiro. No caso de Aicha, isto acontecelle varias veces, tanto en Francia como en España, chegando a estar tentada a aceptar nalgunha ocasión para evitar o grande sufrimento de ter que sobrevivir 3 anos en situación irregular: “Sabem que estás nunha situación vulnerable e apróveitanse diso...”.

Algo semellante ocorrelle a Juana se ben, no seu caso, foi unha soa vez, ao comezo da súa traxectoria en España:

Cando estaba en Madrid, ao pouco de chegar, unha chica peruana que coñecera díxome que para legalizar a miña situación necesitaba casarme ou un contrato de traballo, e que ela coñecía xente que por 5000 ou 6000 euros podían arranxarme un contrato. Aos días, invitoume a saír con ela e uns amigos do seu marido, e acabámonos xuntando cun grupo de homes españois. Un deles, que se identificou como policía, preocupouse moito pola miña situación e díxome que el podía axudarme, que tiña contactos, e que a cambio de 5000 euros podía arranxarme un casamento. Insinuoume que, se non tiña cartos, podía traballar na casa da persoa coa que me ‘casase’ para pagarlle...Para min, todo pasou a cámara lenta, non podía crer o que estaba acontecendo... (Juana)

Estas persoas non só se aproveitan da necesidade e a vulnerabilidade da xente para intentar facer negocio, senón que saben que, por esa mesma razón, resulta complicado que ninguén denuncie as súas actuacións, polo que se senten impunes. Aicha ten claro que noutras circunstancias tería actuado dun xeito diferente: “Eu vivín experiencias nas que tiña que denunciar ás persoas, pero non tiña enerxías, non tiña tempo, non tiña diñeiro...veste limitada...Se estivese noutras circunstancias, non me calaría...”. Este tipo de enganos poden xerar, ao mesmo tempo, prexuízos e inseguridades que condicionen ás persoas á hora de iniciar relacións tanto afectivas como de amizade. En relación a isto, Aicha afirma: “Esas experiencias xeráronme prexuízos. Agora achégase unha persoa a min e eu estou dándolle voltas, penso mal...sempre penso que igual esa persoa quere facerme dano, aproveitarse da miña situación...”.

Curiosamente, Ibrahima tamén afirma que o feito de atoparse en situación irregular condiciónalle á hora de iniciar unha relación. Sen embargo, no seu caso, non é por temor ao engano, senón porque teme que a xente pense que detrás dos seus sentimentos estea a intención de legalizar a súa situación: “Sabes por que non quero buscar parella? Porque cando ti buscas unha chica, ela pode pensar que ti buscas papeis ou algo así, por iso non quero buscar parella...Non quero que pensen que quero algo para conseguir papeis...”.

4.2.4 Impactos na formación e o emprego

A primeira conclusión que se pode extraer tanto da entrevista á técnica de emprego como ás persoas migrantes é que os percorridos a nivel de formación e emprego no país de destino están totalmente condicionados pola temporalidade dos permisos e polos requisitos temporais de emprego necesarios para acadar ou renovar estes. Así mesmo, existe outro factor, alleo ás leis de estranxeiría e asilo, pero que afecta especialmente ás persoas migrantes, como son os requisitos e os tempos para realizar validacións de estudos, que ten igualmente unha grande influencia nestes. Polo tanto, citando a Cwerner (2001), pódese dicir que as carreiras comezadas nos países de orixe corren o risco de caer no esquecemento, sendo substituídas polo que este denomina “carreira de inmigrante”.

Roxana resume así a súa experiencia: “A nivel laboral tes que reescribir o teu currículo dende cero. Un orientador dunha ONG dicíame que tiña que refacelo para adaptalo aos postos aos que podía aplicar, pero eses postos eran coidados, limpeza...era como volver a empezar”. No seu caso, o grande impedimento para levar a cabo a súa carreira profesional en España, alén do primeiro ano no que apenas puido traballar polas limitación do seu permiso de emprego, son as dificultades que está tendo para validar os seus estudos de psicoloxía:

As validacións son unha loita que non sei se gañarei. Eu son psicóloga, e non sei se nunca vou poder exercer aquí. Pensei en estudar algo aquí, pero creo que non é xusto, eu xa estou formada, teño a miña carreira e dous mestrados estudados aquí...non teño porque estudar máis. (Roxana)

Todas as trabas coas que se atopan as persoas para retomar as carreiras profesionais comezadas nos países de orixe fan que cobren unha grande importancia os cursos de formación realizados no destino. Á hora de realizar estes, entran en xogo múltiples factores, como o nivel de idioma ou a posibilidade de homologar as formacións previas, non só superiores, senón a nivel de bacharelato. Segundo a técnica de emprego, “hai moitas formacións que requiren ter o bacharelato de aquí, e non vale que teñas o do teu país se non está homologado. As dificultades para levar a cabo as homologacións fan que as persoas teñan que recorrer a cursos máis básicos”.

Alén das homologacións, o acceso a cursos de formación oficiais depende duns requisitos de admisión que, segundo a técnica de emprego, cambian dependendo da Comunidade Autónoma, do Concello e, incluso, da oficina ou o persoal desta. En base á súa experiencia, a intermediación das entidades sociais xoga, unha vez máis, un papel fundamental á hora de conseguir o acceso a cursos por parte de persoas sen permiso de traballo, tanto aquelas en situación irregular como as solicitantes de PI que aínda non superaron os 6 meses.

No caso das persoas que deben permanecer alomenos 3 anos en situación irregular ata poder solicitar arraigo social, os cursos de formación poden ser a súa única vía para acceder a unha oferta de emprego que lles permita solicitar dito permiso. Neses casos, a elección dos cursos pode xogar un papel fundamental, tal e como lle aconteceu a Aicha:

Eu ao principio vin cursos moi interesantes que me apetecía facer...pero ao falar coa xente que estivera na miña situación, a maioría dicíanme: Atención sociosanitaria. Eu nunca me plantexara traballar nalgo así pero claro, é o que máis saídas ten, porque hai moitas residencias e o título

agora é importante tamén para traballar nas casas [...] Eu teño amigos que levan ata 6 anos e aínda non conseguiron os papeis, porque fixeron moitos cursos que lles gustaban, pero que non tiñan opción de conseguir unha oferta de traballo para optar ao arraigo... (Aicha)

Aicha, ao igual que Roxana, tivo que renunciar non só á súa carreira anterior, senón aos seus gustos e prioridades, no seu caso para poder legalizar a súa situación. O feito de residir no País Vasco, onde o servizo público de emprego facilita o acceso a cursos a persoas en situación irregular, xogou ao seu favor. Nunha situación parecida atopouse Ibrahim, a quen lle foi denegada a súa solicitude de PI antes de que lle dera tempo a acceder ao mercado de traballo. Sen embargo, no seu caso, optou por facer moitos cursos centrados no sector da construción, ao que se dedicaba no seu país e ao que lle gustaría seguirse dedicando en España. Isto, se cadra, ten xogado na súa contra á hora de atopar unha oferta de polo menos un ano de duración que lle permita solicitar o arraigo social, por ser a construción un sector no que é difícil atopar posibilidades a longo prazo.

Ao igual que para as persoas en situación irregular, para as solicitantes de PI resulta fundamental acceder a cursos durante os 6 meses previos a ter permiso de traballo, co fin de ter máis opcións de emprego ao acceder a este. No caso de Carlos Andrés, as facilidades dadas polo servizo de emprego vasco, e os consellos recibidos por parte da orientadora laboral da entidade que o acolleu, fixeron que accedera a cursos do ámbito da loxística que lle permitiron unha rápida inserción unha vez logrado o permiso. No caso de Juana, os cursos realizados non lle axudaron a abrir novas portas por, como recoñece, non ter sido ben aconsellada. Deste xeito, cando conseguiu o permiso de traballo tivo que orientarse cara sectores con alta demanda como os de comercial ou coidados, renunciando á súa carreira como contable.

En todo caso, tanto a Carlos Andrés como a Juana, as súas denegacións colléronnos traballando, polo que tiveron que renunciar dun día para outro, cos prexuízos que isto supuxo tanto para a súa vida en xeral como para a súa integración sociolaboral en particular. Carlos Andrés explica que: “despois de ano e medio na mesma empresa, ao denegarme tiven que deixar o meu traballo...Eu estaba pagando as miñas taxas, aportando á seguridade social, facendo a miña declaración da renda...”. No seu caso, debeu esperar 8 meses para recuperar o seu permiso, e fíxoo grazas a un cambio na xurisprudencia que lle permitiu solicitar arraigo laboral. O mesmo ocorreulle a Juana só que, no seu caso, ao producirse cando os novos criterios xa estaban instaurados, demoroulle algo menos conseguir o novo permiso. En calquera caso, o feito de que persoas xa arraigadas a nivel social e laboral queden dun día para outro sen permiso, resulta de difícil comprensión, non só para as propias persoas, senón tamén para as empresas, tal e como explica a técnica de emprego baseándose na súa experiencia:

Ás empresas cústalles entender que alguén que está traballando con elas, e que ambas partes están contentas, en caso dunha denegación teña que deixar de traballar. Non ten sentido que unha persoa xa arraigada a nivel social e laboral teña que deixar o seu traballo, e esperar a cumprir os prazos e os trámites para solicitar outro permiso. (Técnica de emprego)

Nos seus anos de intermediación tense atopado con empresas nas que existe vontade de dar oportunidades ás persoas solicitantes de PI, pero o feito de que estas teñan que renovar os seus permisos cada 6 meses e corran o risco de ser denegadas en calquera momento fai que ao final moitas se boten atrás. “Hai momentos nos que custa que as empresas aposten por persoas con estas limitacións”. Por

todo isto, a porta de acceso ao mercado laboral máis habitual entre as persoas solicitante de PI son as empresas de traballo temporal, onde resulta máis sinxelo substituír a unha persoa en caso de denegación.

Incluso cando as persoas acadan un permiso de traballo, ben por arraigo social, ou ben por arraigo laboral, a temporalidade destes fai que ás persoas lles sexa complicado acceder a traballos estables, tal e como manifesta Juana. Ademais, a propia presión por tratar de cumprir os requisitos para a renovación fai que para as persoas sexa difícil pensar nun cambio de emprego ou nunha reorientación das súas carreiras, o que en moitos casos acaba provocando que se acaben perpetuando en traballos temporais e en condicións precarias. No caso de Aicha, pese a non estar contenta coas condicións do seu traballo actual, sabe que deixalo suporía un grave risco á hora de renovar o seu permiso. Incluso a propia empresa o sabe, e a teñen ameazado con iso.

Este exemplo deixa patente, unha vez máis, como as vulnerabilidades ás que se ven expostas as persoas migrantes son sempre aproveitadas por outras para tentar sacar algún beneficio. Ditas vulnerabilidades son aínda máis claras no caso das persoas que se atopan en situación irregular. Rememorando os seus primeiros meses en España, cando tivo que recorrer a un traballo sen contrato, Carlos Andrés sinala: “Cando un está nunha situación precaria, queda exposto a que se aproveiten de el, como me pasou a min, que acabei regalando horas...traballando para que non me pagaran...”.

Unha vez acadan certa estabilidade a nivel administrativo, as persoas teñen máis oportunidades de progresar a nivel laboral, como lle aconteceu a Mohamed quen, unha vez conseguido o permiso de residencia, comezou a traballar de mediador intercultural nunha organización. Sen embargo, para chegar ata aquí, tivo que cambiar o *chip* e abrirse a facer traballos e formacións que nada tiñan que ver co seu pasado profesional como carpinteiro. Durante este percorrido pensa que se lle valorou máis pola súa profesionalidade que polo seu status.

Por último, se falamos de como varían os impactos das temporalidades na formación e o emprego das persoas migrantes dependendo do seu perfil, podemos ver como, entre as persoas analizadas, as mulleres foron encamiñadas dende un comezo ao sector coidados, observándose un claro nesgo con respecto ao acontecido cos homes. Por outra banda, tal e como indica a técnica de emprego, o país de orixe condiciona toda a traxectoria migratoria e, con isto, tamén a laboral. Dende o seu punto de vista, tamén o lugar onde viven inflúe nas posibilidades de acceso a formacións, ao mercado laboral, e no sector no que poidan acabar traballando.

4.2.5 Impactos na inclusión social e o acceso ao estado de benestar

Tal e como se pode observar ao longo da presente investigación, as temporalidades dos procesos migratorios constitúen, en si mesmas, unha clara ferramenta de exclusión social. No apartado 4.1.2.3 pódese observar como as persoas migrantes perciben que os seus tempos son moi diferentes aos das nacionais, facéndoas sentir discriminadas. Lembrando as palabras de Juana, incluídas en dito apartado: “[...] o racismo institucional relacionado cos tempos é algo obvio...”. Alén disto, a propia temporalidade dos permisos e os requisitos temporais de acceso aos mesmos fan que en moitos momentos as persoas migrantes vexan limitados os seus dereitos. Así o explica a traballadora social entrevistada:

A temporalidade prolongada fai que sexa difícil que exista un sentido de pertenza, porque sempre es a diferente. As temporalidades asociadas ás leis e normas sempre se ven prolongadas moito máis na realidade, debido a tódalas trabas que fan que os procesos se eternicen [...] esténdense ata o acceso á nacionalidade, pero incluso este proceso prolóngase moito no tempo. (Traballadora social)

Un exemplo na limitación dos dereitos das persoas migrantes debido á temporalidade é o caso de Mohamed, quen tivo que esperar 6 meses dende que chegou ao país para poder acceder á atención sanitaria. Hai que lembrar que, no momento da súa entrada (setembro de 2016), en España non existía sanidade universal. Sen embargo, aínda hoxe en día, en moitos lugares séguese requirindo ás persoas 3 meses de padrón para poder acceder á sanidade. O acceso a un padrón, requisito necesario para acreditar o tempo de estancia no país tanto á hora de acceder a servizos ou axudas públicas como a permisos de residencia, convértese para as persoas migrantes nunha auténtica odisea. Ás dificultades actuais de acceso á vivenda, acrecentadas no caso das persoas migrantes polo racismo e as precarias condicións de vida, estas teñen que engadir a necesidade dun padrón e, en moitos casos, dun contrato, o que fai a busca moito máis complexa.

Unha vez máis, a necesidade e a vulnerabilidade das persoas migrantes fan que xurdan persoas dispostas a aproveitarse da súa situación, de aí que en moitos lugares sexa común o aluguer de contratos e padróns sen dereito a vivenda. Aicha tivo que enfrontarse a esta situación en varias ocasións:

Se non tes traballo, non te alugan; se tes traballo en B non podes demostrar os ingresos, e non te alugan; e despois, se es estranxeiro...[...] Entón veste obrigada a alugar unha habitación sen contrato nin padrón, e por outra parte pagar por ter contrato e padrón noutro piso para poder acceder ao arraigo. (Aicha)

Tal e como indica a traballadora social: “Se relacionas o acceso á sanidade a un requisito temporal de padrón, o dereito a padrón debera estar garantido. Hai xente que pasa moito tempo e non pode empadroarse, co cal estanse a vulnerar os seus dereitos”. Sen embargo, ata cando as persoas viven nunha vivenda na que se lles permite empadroarse, poden ter dificultades para facer efectivo o seu dereito. Mohamed, por exemplo, tardou 3 meses en poderse empadroar na casa da súa moza porque o funcionario non quería facerlle o trámite por non ter pasaporte.

Incluso cando as persoas migrantes posúen un status que equipara os seus dereitos aos das nacionais, os trámites coa administración poden converterse nunha carreira de obstáculos. No caso de Juana, mentres se encontraba cun permiso de residencia temporal como solicitante de PI, recoñece terse atopado con ditos obstáculos en case que todas as súas xestións:

Para min, calquera trámite: empadroamento, acceso á sanidade, alta de emprego...atópaste con moitas dificultades, derivadas a maioría das veces do descoñecemento por parte do funcionariado dos distintos status e dos trámites de estranxeiría...Outro exemplo foi cando fun vacinarme da COVID, que tiven que esperar unha hora porque non sabían se tiña dereito a poñela, pese a estar dada de alta en sanidade e contar cun permiso de residencia... (Juana)

A traballadora social corrobora as palabras de Juana, en base á súa experiencia:

Hai un problema moi importante de descoñecemento dos distintos status migratorios e dos dereitos das persoas migrantes entre o persoal do sistema sanitario, o que acaba supoñendo en moitos casos unha traba para o acceso ao sistema de saúde para persoas cun status temporal. Ao final depende da persoa coa que des, e de que esa persoa queira investigar un pouco. Dende as institucións debería facilitarse formación neste ámbito para o persoal que traballa nestes trámites, para que non se dean estas situacións. (Traballadora social)

Os problemas para facer valer os seus dereitos por parte das persoas migrantes con status precario, débense en moitos casos ás dificultades que teñen para acceder a información sobre os mesmos pero, incluso cando teñen toda a información, resúltalles complicado enfrontarse ao persoal das administracións por medo a ter problemas coa xustiza. Neste contexto, xurde unha vez máis a importancia das entidades sociais como intermediarias. A traballadora social explica como cambian as cousas cando as persoas acoden acompañadas a realizar os trámites: “Moitas veces chegan usuarias e dinche: ‘Fun ao mostrador e dixéronme que non tiña dereito á tarxeta sanitaria’. E cando vas ti como traballadora social e lles explicas todo, pois si que tiñan dereito”. As persoas que formaron parte do programa de acollida recoñecen as facilidades que se atoparon á hora de realizar trámites coa administración mentres formaban parte do mesmo e contaban co acompañamento das traballadoras da entidade.

A diferenza doutros ámbitos como o sanitario, o acceso a axudas sociais ou os cursos de formación que, como vimos ao longo da investigación, están suxeitos a trabas e criterios cambiantes dependendo da rexión e, incluso, da cidade, o acceso ao sistema educativo dos menores parece garantido en calquera circunstancia. A traballadora social afirma: “Cómprese case sempre o seu dereito ao acceso á educación, aínda que despois haxa outros problemas unha vez dentro”. Carlos Andrés corrobora estas palabras, baseándose na súa experiencia: “O acceso á educación das nenas foi sempre fácil, non notamos ningún impedimento, sempre houbo boa información...notamos moitas facilidades e un grande apoio”.

Máis aló das dificultades de acceso aos servizos sociais, cabe mencionar que as persoas entrevistadas mostran, polo xeral, un alto grao de integración na súa contorna, especialmente a nivel de relacións sociais. Sen embargo, non é así en todos os casos. Carlos Andrés expresa deste xeito as dificultades atopadas neste ámbito ao longo do seu proceso:

Nos momentos de dificultades non nace socializar moito. Non chegou unha rede social que me apoiara. O que vin é que moita xente aproveitouse da miña situación, especialmente nos momentos de maior vulnerabilidade. Saben que poden aproveitarse, que é difícil que os demanden. [...] Cando un ve a situación máis estable, síntese menos excluído...e é máis fácil pensar nunha inclusión. [...] A verdade é que non vin que a sociedade me dese máis do agardado. (Carlos Andrés)

Alén disto, sinala o impacto que as temporalidades dos permisos teñen sobre a inclusión na sociedade de destino: “No momento no que un xa está totalmente integrado na sociedade, e de repente lle quitan os seus papeis, queda novamente exposto a que se lle vulneren os dereitos, a que non se lle respecte...”

No caso da integración na contorna, resulta fundamental o feito de que as persoas teñan claro que van permanecer nun mesmo lugar. Sen embargo, as propias administracións entorpecen en moitos casos estes procesos, tal e como indica a traballadora social. Segundo ela, o feito de que as persoas que entran no programa de acollida de solicitantes de PI sexan destinadas normalmente a lugares afastados daqueles onde se estableceron nun primeiro momento, fai que durante a espera estas poñan os seus procesos de integración en suspenso: "Moitas persoas, ao saber que lles poden destinar a outros lugares, caen nunha actitude de non involucrarse moito, a nivel de relacións, a nivel de formación, a nivel de traballo...".

Por último, no referente a como cambian os impactos das temporalidades na inclusión social e no acceso ao estado de benestar dependendo dos perfís migratorios das persoas, a traballadora social ten claro que o aspecto físico e o país de orixe son os aspectos que máis poden influír, alén do idioma: "Se es rubio e de ollos azuis vas ter acceso aos recursos dunha forma máis rápida e sinxela. Desgraciadamente, iso é así".

4.3 ALÉN DA ESPERANZA

Cando se viaxa a través das historias e as vidas das persoas migrantes, como as narradas ao longo da presente investigación, resulta inevitable preguntarse como esas persoas teñen sobrevivido a tódolos obstáculos atopados no seu camiño. Tal e como se indicou no marco teórico, un dos conceptos chave á hora de entender a xestión da incerteza e as temporalidades por parte das persoas migrantes é a esperanza. Sen embargo, tal e como indican Horst e Grabska (2015), esta non funciona tanto como unha ferramenta, senón como mediadora na incerteza e motor de acción. Probablemente por esta razón a esperanza non é nomeada de forma explícita durante as entrevistas, si ben podemos atopala de forma implícita en moitos momentos das mesmas.

Como xa se viu, unha das ferramentas máis usadas polas persoas entrevistadas para xestionar a temporalidade e a incerteza dos seus procesos migratorios foi permanecer sempre moi activas, buscando dar sempre un sentido á súa vida. As ocupacións dependen en grande medida do perfil das persoas, dos seus momentos migratorios, e das posibilidades que a localización e a súa contorna lles ofrecen. Entre as máis comúns, alén do traballo e os trámites burocráticos que, como vimos, ocupan gran parte das súas vidas, atopamos a realización de numerosos cursos, tanto orientados a abrirse portas a nivel laboral como cun fin máis lúdico. No caso das persoas que non eran hispano-falantes, como Mohamed e Ibrahima, dedicaron tempo e esforzo a aprender español, sabendo que sería fundamental para o seu futuro. Por semellantes razóns, Aicha púxose o reto de aprender éuscaro, e tanto Roxana como Juana, galego.

Resulta curioso observar os paralelismos entre as historias narradas polas protagonistas da presente investigación e as descritas por Meier e Donà (2021), expostas no apartado 2.4 do marco teórico. Precisamente, na súa descrición, estas autoras falan de como as persoas, incluso nos ambientes máis adversos, como os campamentos, deciden realizar actividades rutineiras ou voluntariados, co fin de atopar un sentido ao seu tempo nestes recintos. Isto coincide co descrito por Mohamed ao referirse ao seu tempo nos campamentos gregos, cando decidiu ocupar o mesmo axudando a aparcar coches ou colaborando coas voluntarias no reparto de comida.

Fóra das actividades máis comúns, hai persoas que deciden refuxiarse nos seus hobbies persoais, co fin de xestionar os momentos de estrés e incerteza. Ese foi o caso de Juana:

O que máis me axudou en épocas de dificultade, de estrés, foi facer cousas relacionadas coa arte: Ler, escribir ou, simplemente, escoitar música...pasaba moito tempo pechada na casa, comía, poñíame música, e empezaba a pintar. Cheguei a encher as paredes da miña habitación de debuxos. (Juana)

Alén do indicado anteriormente, varias das persoas entrevistadas coinciden en destacar o importante papel que para elas xogaron as entidades sociais á hora de xestionar as súas inseguridades e incertezas. Tal e como indican Maas et al. (2021), a crecente importancia outorgada a estas organizacións como intermediarias entre as administracións e as persoas migrantes fan que o seu papel sexa cada vez máis fundamental, non só á hora de dar apoio e acompañamento, senón como fonte de información. As persoas que máis destacan a importancia das entidades sociais na súa traxectoria son precisamente as tres que formaron parte do programa de acollida de solicitantes de PI. Sen embargo, tamén para Aicha foron un punto de apoio nos momentos de maior incerteza: “Intentaba apoiarme nas entidades, para informarme, saber que estaba facendo as cousas ben...iso dárame seguridade”.

Precisamente, a procura de información veraz acerca dos permisos e procesos burocráticos é outra ferramenta mencionada pola maioría das persoas entrevistadas. Máis alá das entidades, as persoas tamén buscan información a través doutros medios. Tratando de fuxir dos rumores que adoitan correr entre o colectivo migrante, Carlos Andrés decidiu recorrer a fontes oficiais:

Subscribinme ao BOE para poder estar ao día de tódalas sentencias e cambios legislativos que había, para poder ter información fiable de primeira man. [...] Esa foi a miña principal estratexia, ter información fiable...para non deixarme levar polo que a xente fala... (Carlos Andrés)

Horst e Grabska (2015), citadas no apartado 2.4, indican que moitas das formas nas que as persoas buscan restablecer a certeza nas súas vidas son “con e a través dos demais”. A investigación levada a cabo corrobora este feito, pois varias das estratexias nomeadas involucran a outras persoas e colectivos. Así, Roxana, Carlos Andrés e Mohamed danlle unha grande importancia ao papel xogado polas súas parellas e familias no seu proceso. No caso de Roxana, o apoio da súa familia dende o seu país dá-lle a tranquilidade de saber que alí seguía tendo o seu fogar. No caso de Carlos Andrés, a súa familia serviulle de apoio, se ben a súa presenza tamén supuxo unha maior presión en moitos momentos. Por último, Mohamed menciona o importante papel xogado pola súa parella e a familia desta á hora de darlle seguridade durante os últimos anos do seu proceso.

Maior unanimidade aínda atopamos ao falar da importancia do papel xogado polas amizades. Para Mohamed: “Coñecer xente, aprender o idioma e facer amigos. Iso é o máis básico. Os amigos axúdanche en todo o proceso”. Na mesma liña, Ibrahima afirma que o feito de ter moitos amigos axudoulle a levar mellor as incertezas do seu proceso. Aicha e Juana van un paso máis aló. En ambos casos, xuntáronse con outras persoas migrantes, o que lles fixo tecer redes de apoio mutuo. Juana narra así a súa experiencia:

A través dos cursos que fixen ao comezo coincidín con moitas persoas moi boas, coas que me sentía moi identificada porque tamén eran estranxeiras...e vía que había xente que vivira cousas moito

máis duras, e iso dárame forzas porque sentíame privilexiada. Iso facíame dicir, ‘veña, que isto non é nada’. [...] Ata hoxe manteño o contacto coa xente, identificábame moito con eles, uns estaban mellor, outros peor, pero nos xuntábamnos e nos apoiábamnos...gustábame iso... (Juana)

Algo moi semellante aconteceulle a Aicha:

As amizades axudáronme moito, acompañándome, dándome consellos, especialmente aquelas que estaban en situacións parecidas á miña...[...] O que me axudaba en moitos momentos era ver xente que estaba peor ca min...iso dárame ánimos e facíame ver que non estaba tan mal. (Aicha)

Un paso aínda máis aló vai Roxana, quen tamén formou unha rede de apoio xunto a outras persoas migrantes. No seu caso, as súas compañeiras servíronlle de apoio pero tamén de inspiración, o que lle fixo sentir que debía aproveitar a súa situación “privilexiada” para pelexar polos dereitos das persoas migrantes:

A rede de apoio, as persoas migrantes, inspiráronme moito...especialmente as racializadas, as máis discriminadas, coas súas historias moi duras, discriminadas por ser mulleres, por ser migrantes, por ser racializadas...[...] Ao ver as inxustizas do sistema, ao ver a realidade...como había nacionalidades que eran peor tratadas, empecei a interesarme na loita polas persoas migrantes. (Roxana)

Tanto Roxana como Mohamed viron no activismo unha vía para aproveitar os seus coñecementos e experiencias co fin de intentar provocar cambios que poidan mellorar a situación de persoas que se vexan na súa situación. Estes casos veñen a dar soporte ao indicado por Mielle (2021) cando afirma que a xestión da incerteza por parte das persoas migrantes vai moito máis aló da resiliencia chegando, en moitos casos ao que a autora, citando a Katz (2004), denomina resistencia.

O psicólogo entrevistado destaca a capacidade de resiliencia e crecemento na adversidade que ten apreciado entre ditas persoas. Así mesmo, fai a seguinte reflexión: “As persoas que teñen unha elevada implicación coa dimensión espiritual, transcendental, con ou sen unha relixión detrás, levan moito mellor estas situacións.[...] A maioría dos subsaharianos teñen esa dimensión espiritual moi presente”.

Entre as persoas entrevistadas, só Carlos Andrés fai referencia á importancia que tiveron as súas crenzas relixiosas durante o seu proceso migratorio: “Ser crente tamén me axudou...é unha presenza que un non ve, pero dálle forzas...moralmente axudoume, alo menos a sentir unha paz interna e a sacar forzas de onde xa non as había”. Ibrahima, pola súa parte, non fai referencia á compoñente relixiosa nin espiritual senón que incide, unha vez máis, en como as súas experiencias pasadas lle teñen axudado a xestionar o seu proceso. “Sempre hai que ser alegre”, di. E cando se lle cuestiona acerca dos sufrimentos pasados, di, e afirma: “Así é a vida”.

5 CONCLUSIONES

Tal e como indican Griffiths et al. (2013), o tempo é un termo moi complexo, o que fai difícil enmarcar calquera proxecto ou teoría relacionada con el. Nese sentido, o presente traballo non ten sido unha excepción. Ás dificultades á hora de definir os obxectivos, engadíronse as vividas para estruturar o marco teórico, definir a metodoloxía e, incluso, levar a cabo a propia investigación. Neste último caso, curiosamente, xogaron un papel importante as propias temporalidades das persoas migrantes, que dificultaron a coordinación de datas e horarios para a realización das entrevistas.

Á hora de analizar os resultados obtidos, convén ter claras as limitacións coas que conta o traballo debido á súa propia natureza. Non se debe esquecer que, tanto os recursos como a propia extensión do mesmo están limitados por tratarse dun traballo académico, cunhas normas específicas definidas previamente. No caso da presente investigación, tal e como se expuxo no apartado metodolóxico, ditas limitacións fixeron que non se puidera alcanzar toda a variedade de perfís desexada.

En todo caso, e tendo en conta todo o dito anteriormente, pódese dicir que os obxectivos formulados ao comezo da investigación teñen sido alcanzados con éxito, axudando a achegar un coñecemento máis global sobre as temporalidades dos sistemas e réximes migratorios e o xeito en que estas son vividas polas persoas migrantes. Nese sentido, o uso de liñas de tempo das traxectorias migratorias resultou unha ferramenta moi útil tanto á hora da investigación, como á de presentar os resultados da mesma. De igual xeito, o segundo obxectivo xeral, alén dos resultados que achega a propia investigación, axuda a ampliar o campo de influencia e estudo das migracións e as temporalidades mostrando como o impacto destas alcanza aos distintos ámbitos da vida das persoas migrantes.

A modo de resumo final pódese concluír que as temporalidades dos réximes migratorios son unha potente ferramenta de exclusión social e, ao mesmo tempo, de maltrato institucional, reproducida a través de prazos, requisitos temporais, esperas, decisións arbitrarias, complexos labirintos burocráticos e falta de información, que mantén ás persoas migrantes nun permanente estado de incerteza e sufrimento. Deste xeito, dificultáselles alcanzar unha estabilidade a nivel sociolaboral, afectando igualmente de xeito negativo a distintos ámbitos das súas vidas, como a saúde mental e física, ou as relacións afectivas.

Así mesmo, dito maltrato acaba trasladándose a outros ámbitos da administración, o que leva a que as persoas se vexan sometidas a discriminación, trato degradante e violación dos seus dereitos máis fundamentais en ámbitos como o sanitario, o formativo e laboral ou o acceso a vivenda e padrón. No medio desta situación, cobra especial relevancia a figura das entidades sociais, a quen os gobernos están dando cada vez máis peso como intermediarias entre a administración e as propias persoas migrantes.

Cabe resaltar, igualmente, que o estado de extrema vulnerabilidade no que se obriga a vivir ás persoas migrantes en moitos momentos da súa traxectoria fai que estas sexan un branco perfecto para persoas e mafias dispostas a aproveitarse da súa necesidade e desesperación. Así, alén das xa coñecidas mafias que operan nas fronteiras, durante o presente traballo puidemos ver casos de cobro por citas de asilo, de ofrecementos de matrimonio a cambio de diñeiro, de explotación laboral ou de pago por padrón sen dereito a vivenda. Resulta sorprendente escoitar, de tanto en tanto, voces que dende as institucións falan

das mafias que operan nas fronteiras como se a súa existencia non tivese nada que ver coa falta de alternativas seguras para as persoas migrantes procedentes de certos países e rexións. Ao igual que neses casos, os exemplos reproducidos anteriormente son consecuencia directa das políticas levados a cabo polas institucións e correspóndelles a estas tomar as medidas necesarias para impedir que as persoas se vexan sometidas, non só a estes abusos, senón á vulnerabilidade que os orixina.

Non debemos esquecer, á hora de realizar calquera análise relacionada coas políticas migratorias, que a maioría de persoas que chegan a España e a Europa en situación precaria veñen fuxindo de experiencias traumáticas nos seus países de orixe, deixando atrás familia e amizades e, en moitos casos, poñendo en risco a súa propia vida durante a viaxe. Como unha das persoas entrevistadas afirma: “Vimos buscando un lugar seguro”. Tendo en conta este contexto, resulta máis difícil de comprender aínda que, no canto de ofrecérselles un lugar de acollida e seguridade, se lles someta a situacións que, non só non axudan a curar feridas pasadas, senón que fan aumentar a súa dor e sufrimento.

Como vimos ao longo do traballo, moitas das violacións de dereitos das persoas migrantes con status temporais ou en espera de regularizar a súa situación veñen dadas polo descoñecemento existente entre o funcionariado acerca dos distintos status migratorios e os dereitos correspondentes. Por todo isto, é urxente que dende as distintas institucións do Estado se establezan mecanismos que permitan ao seu persoal coñecer estes dereitos e encargarse de que estes non sexan vulnerados. Así mesmo, este feito debe facernos reflexionar sobre o descoñecemento xeneralizado entre a poboación da realidade das persoas migrantes, que pode facilitar a difusión de falsos rumores sobre estas e, con isto, de comportamentos racistas e xenófobos, e trato degradante. De aí que resulte fundamental a difusión, máis aló do ámbito académico, de traballos como o actual, que axuden a espallar entre a sociedade coñecemento acerca dos procesos migratorios e a vida das persoas migrantes.

A nivel académico, o presente traballo demostra que existe marxe para a innovación dentro do ámbito das temporalidades e as migracións, podendo servir ao mesmo tempo de punto de partida para novos traballos en dito ámbito. Alén de seguir explorando os impactos que as temporalidades teñen sobre as persoas migrantes, existen interesantes campos de investigación nos que se podería afondar, como a procura das causas detrás das políticas migratorias do tempo, ou as consecuencias que estas teñen a nivel económico e social nos países de acollida. Así mesmo, dende a academia débese seguir investigando na procura de alternativas a ditas políticas, que axuden a construír uns sistemas migratorios baseados no respecto dos dereitos humanos, a empatía e o amor ao próximo.

Para finalizar, entre os aspectos positivos que se poden rescatar da investigación, cabe resaltar o exemplo de resiliencia e crecemento ante as adversidades dado polas persoas migrantes entrevistadas e como algunhas delas deciden ir máis aló, e utilizar a súa experiencia para axudar a mudar o presente e o futuro das persoas na súa situación a través do activismo social. Igualmente, hai que destacar o importante papel xogado polas redes de apoio mutuo entre persoas migrantes, que as axuda a saír adiante no medio da incerteza a través da empatía e o compañeirismo. Por último, o caso de Mohamed, quen coñeceu á súa actual muller e nai do seu fillo mentres sobrevivía en pésimas condicións nun campamento grego, pode servirnos para exemplificar que, incluso nos peores momentos, o amor ábrese paso e que, en medio da espera, tamén hai lugar para a esperanza.

6 REFERENCIAS

- ACCEM (2022). Country Report: Regular procedure (Spain). Asylum information database. Accesible en: <https://asylumineurope.org/reports/country/spain/asylum-procedure/procedures/regular-procedure/>
- Andersson, R. (2014). Time and the migrant other: European border controls and the temporal economics of illegality. *American Anthropologist* 116(4): 795–809.
- Baas, M., e Yeoh, B. S. (2019). Introduction: Migration studies and critical temporalities. *Current Sociology*, 67(2), 161–168. DOI: <https://doi.org/10.1177/0011392118792924>
- Barber, P.G. e Lem, W. (2018). Migration, temporality and capitalism: A brief introduction. En: Barber, P.G. e Lem, W. (eds.) *Migration, temporality and capitalism: Entangled mobilities across global spaces*. Basingstoke, Palgrave MacMillan, 1–19.
- Bastian, M. (2011). Temporal Connectivities: a scoping study of the research available on time and community. Accesible en: http://www.temporalbelongings.org/uploads/6/8/8/9/6889024/bastian_cc_discussion_paper.pdf
- Benslimane, S. e Moffette, D. (2019). The Double Punishment of Criminal Inadmissibility for Immigrants. *Journal of Prisoners on Prisons*. Nº 28. Pp.: 44-65. DOI: <https://doi.org/10.18192/jpp.v28i1.4351>
- Berlant, L. (2007). Slow death (sovereignty, obesity, lateral agency). *Critical Inquiry*, 33(4), 754–780.
- Bondanini, F. B. (2014). Migración de tránsito: Entre temporalidad y largas esperas. El caso del CETI de Melilla. *Antropología Experimental*, (14). Pp.: 189-206. Recuperado de: <https://revistaselectronicas.ujaen.es/index.php/rae/article/view/1791>
- Boochani, B., Flanagan, R., e Tofighian, O. (2018). No friend but the mountains: Writing from Manus Prison. Sidney. Ed. Picador.
- Bourdieu, P. (1997/2000) *Pascalian meditations*. Stanford, CA, Stanford University Press.
- Brun, C. (2015). Active Waiting and Changing Hopes: Toward a Time Perspective on Protracted Displacement. *Social Analysis*. Volume 59. Pp.: 19 – 37. DOI: <https://doi.org/10.3167/sa.2015.590102>
- Brux, C., Hilden, P. K., e Middelthon, A. - L. O. (2019). Klokka tikker, tiden går: Time and irregular migration. *Time & Society*, 28(4). Pp.: 1429 – 1463. DOI: <https://doi.org/10.1177/0961463X18783356>
- Canning, V. (2021). Compounding Trauma Through Temporal Harm. En: Bhatia, M., Canning, V. (eds) *Stealing Time: Migration, Temporality and State Violence*. Pp.: 105-126. Palgrave Macmillan.
- Cwerner, S. B. (2001). The Times of Migration. *Journal of Ethnic and Migration Studies*, 27:1. Pp.:7-36, DOI: [10.1080/13691830125283](https://doi.org/10.1080/13691830125283)

- Drangland, K. A. (2021). Mo's challenge. Waiting and the question of methodological nationalism. En: *Waiting and the temporalities of irregular migration*. Pp. 75-95. Abingdon, Oxon ; Routledge.
- Dwyer, P.D. (2009) Worlds of waiting. En: Hage, G. (ed.) *Waiting*. Melbourne, Melbourne University Publishing, pp. 15–26.
- Eder, K. (2004). The Two Faces of Europeanization: Synchronizing a Europe Moving at Varying Speeds. *Time & Society*, 13(1), 89–107. <https://doi.org/10.1177/0961463X04040748>
- Ellis, C. e Bochner, A. (2000). Autoethnography, Personal Narrative, Reflexivity: Researcher as Subject. *Handbook of Qualitative Research*.
- El-Shaarawi, N. (2015). Living an Uncertain Future: Temporality, Uncertainty, and Well-Being among Iraqi Refugees in Egypt. *Social Analysis*. Volume 59. DOI: <https://doi.org/10.3167/sa.2015.590103>
- Feria, H., Blanco, M. R. e Valledor, R. F. (2019). La dimensión metodológica del diseño de la investigación científica. Las Tunas, Cuba: Académica Universitaria.
- Gabrielli, L., Garcés-Mascreñas, B. e Ribera-Almandoz, O. (2022). Between discipline and neglect: The regulation of asylum accommodation in Spain. *Journal of Refugee Studies*, Volume 35, Issue 1, Pp.: 262–281. <https://doi.org/10.1093/jrs/feab049>
- Giddens, Anthony. 1984. *The Constitution of Society: Outline of the Theory of Structuration*. Berkeley: University of California Press.
- Giddens, Anthony. 1990. *The Consequences of Modernity*. Cambridge, MA: Polity Press.
- Goldring, L., Berinstein, C. e Bernhard, J.K. (2009). Institutionalizing precarious migratory status in Canada. *Citizenship Studies*. 13 (3), 239–265. DOI: 10.1080/13621020902850643.
- Gómez, A. (2021). Canarias: la infinita espera. Recuperado de: <https://www.es.amnesty.org/en-que-estamos/blog/historia/articulo/canarias-la-infinita-espera/>
- Griffiths, M. (2013). Living with Uncertainty: Indefinite Immigration Detention. *Journal of Legal Anthropology*, 1(3), Pp.: 263-286. DOI: <https://doi.org/10.3167/jla.2013.010301>
- Griffiths, M. (2014). Out of Time: The Temporal Uncertainties of Refused Asylum Seekers and Immigration Detainees, *Journal of Ethnic and Migration Studies*, 40:12, 1991-2009, DOI: <https://doi.org/10.1080/1369183X.2014.907737>
- Griffiths, M. (2017). The changing politics of time in the UK's immigration system. En E. Mavroudi, A. Christou, & B. Page (Eds.), *Timespace and International Migration*. Edward Elgar.
- Griffiths, M., Rogers, A., e Anderson, B. (2013). Migration, Time and Temporalities: Review and Prospect. COMPAS Research Resources Paper. COMPAS. Recuperado de: <https://www.compas.ox.ac.uk/wp-content/uploads/RR-2013-Migration Time Temporalities.pdf>

- Horst, C. e Grabska, K. (2015). Introduction: Flight and Exile—Uncertainty in the Context of Conflict-Induced Displacement. *Social Analysis*. Volume: 59. DOI: <https://doi.org/10.3167/sa.2015.590101>
- Hylland, T. (2021). Filling the apps. The smartphone, time and the refugee. En: *Waiting and the temporalities of irregular migration*. Pp. 57-72. Abingdon, Oxon ; Routledge.
- Jacobsen, Ch. (2021). “They said wait, wait – and I waited”. The power chronographies of waiting for asylum in Marseille, France. *Waiting and the temporalities of irregular migration*. Abingdon, Oxon ; Routledge.
- Jacobsen, Ch. e Karlsen, M-A. (2021). Introduction. Unpacking the temporalities of irregular migration. En: *Waiting and the temporalities of irregular migration*. Pp. 1 – 19. Abingdon, Oxon ; Routledge.
- Karlsen, M-A. (2021). Waiting out the condition of illegality in Norway. En: *Waiting and the temporalities of irregular migration*. Pp. 113 – 130. Abingdon, Oxon ; Routledge.
- Karlsen, M-A. (2021). Migration Control and Access to Welfare: The Precarious Inclusion of Irregular Migrants in Norway. 10.4324/9781003156598.
- Klinke, I. (2012). Chronopolitics: a conceptual matrix. *Progress in Human Geography* 37(5): 673–690.
- Kobelinsky, C. (2009) Éxperiences d’une mise en attente dans les centres pour demandeur d’asile’. En: Kobelinsky, C. & Makaremi, C. (eds.) *Enfermés dehors. Enquêtes sur le confinement des étrangers*. Paris, Éditions du Croquant, 227–244.
- Maas, F., Münch, S., Schader, M. e Schammann, H. (2021). The Politics of Uncertainty: Producing, Reinforcing, and Mediating (Legal) Uncertainty in Local Refugee Reception - Introduction to the Special Issue. *Journal of Refugee Studies*, Volume 34, Issue 4. Pp.: 3559–3569, DOI: <https://doi.org/10.1093/jrs/feab064>
- Martín, M. (2021). La Administración incumple el plazo legal para resolver los papeles de los extranjeros. El País. Recuperado de: <https://elpais.com/espana/2021-12-10/la-administracion-incumple-el-plazo-legal-para-resolver-los-papeles-de-los-extranjeros.html>
- Meier, I. e Donà, G. (2021). Micropolitics of Time: Asylum Regimes, Temporalities and Everyday Forms of Power. En: Bhatia, M., Canning, V. (eds) *Stealing Time: Migration, Temporality and State Violence*. Pp.: 39-64. Palgrave Macmillan.
- Miellet, S. (2021). ‘From Refugee to Resident in the Digital Age: Refugees’ Strategies for Navigating in and Negotiating Beyond Uncertainty During Reception and Settlement in The Netherlands’. *Journal of Refugee Studies* 34(4): 3629–3646.
- Nixon, R. (2011). *Slow Violence and the Environmentalism of the Poor*. Cambridge, MA; London, UK: Harvard University Press.
- OAR (2021). Informe de actividad 2020. Oficina de Asilo y Refugio. Subdirección General de Protección Internacional.

- Ramsay, G. (2019). Humanitarian exploits: Ordinary displacement and the political economy of the global refugee regime. *Critique of Anthropology*. 40 (1), 3–27. DOI: 10.1177/0308275X19840417.
- Reneman, M. e Stronks, M. (2021). What are they waiting for? The use of acceleration and deceleration in asylum procedures by the Dutch Government. *Time & Society*. 2021;30(3):302-331. DOI: <https://doi.org/10.1177/0961463X211006053>
- Robertson, S. (2014). The temporalities of international migration : implications for ethnographic research. *Institute For Culture And Society Occasional Paper Series*, 5(1). <https://doi.org/10.4225/35/57a969210f1a0>
- Rotter, R. (2016). Waiting in the asylum determination process: Just an empty interlude? *Time & Society*, 25(1), 80–101. DOI: <https://doi.org/10.1177/0961463X15613654>
- Rozakou, K. (2021). The violence of accelerated time. Waiting and hastening during “the long summer of migration” in Greece. *Waiting and the temporalities of irregular migration*. Pp.: 23-39. Abingdon, Oxon ; Routledge.
- Schiltz, J, Vindevogel, S, Derluyn, I, Vanderplasschen, W. (2019). Uncertainty in situations of forced displacement: A critical interpretative synthesis of refugee literature. <https://doi.org/10.1002/psp.2194>
- Schultz, J. (2021). An end to asylum? Temporary protection and the erosion of refugee status. En: *Waiting and the temporalities of irregular migration*. Pp. 170 - 185. Abingdon, Oxon ; Routledge.
- Schuster, L., Hussaini, R., Hossaini, M., Rezaie, R., Shinwari, M.R.K. (2021). ‘My Beloved Will Come Today or Tomorrow’: Time and the ‘Left Behind’. En: Bhatia, M., Canning, V. (eds) *Stealing Time*. Pp.: 1-23. Palgrave Macmillan. https://doi.org/10.1007/978-3-030-69897-3_1
- Sharma, S. (2014). In the meantime: Temporality and cultural politics. Durham, Duke University Press.
- Sparke, M. (2008). ‘Political Geography—Political Geographies of Globalization III: resistance’. *Progress in Human Geography* 32(3): 423–440.
- Taylor, S. J. e Bogdan, R. (1984). Introduction to qualitative research methods : the search for meanings. New York : Wiley
- Tazzioli, M. (2018). The temporal borders of asylum. Temporality of control in the EU border regime. *Political Geography*, 64, pp. 13-22. ISSN 0962-6298
- Tazzioli, M. (2021). The technological obstructions of asylum: Asylum seekers as forced techno-users and governing through disorientation. *Security Dialogue*. DOI: <https://doi.org/10.1177/09670106211026080>
- Vianello, F. A. (2022). Conflicting temporalities and the unsustainability of the Italian model of migrant personal care assistant. *International Migration*.
- Vrabiescu, Ioana. (2019). Dwelling in Limbo. Temporality in the Governance of Romani Migrants in Spain. DOI: https://doi.org/10.1007/978-3-030-11373-5_7.

- Yahya, K. (2021). Journey and Encampment Observations: Liminality and the “Protracted Refugee Situation”. In: Bhatia, M., Canning, V. (eds) *Stealing Time: Migration, Temporality and State Violence*. Pp.: 25-38. Palgrave Macmillan.
- Yeoh, B. e Huang, S. (2010). Transnational Domestic Workers and the Negotiation of Mobility and Work Practices in Singapore’s Home-Spaces. *Mobilities*. 5. 219-236. 10.1080/17450101003665036.

ANEXOS

ANEXO I. ESTRUTURA DAS ENTREVISTAS ÁS PERSOAS MIGRANTES

ESTRUTURA DAS ENTREVISTAS ÁS PERSOAS MIGRANTES		
Obxectivo da investigación	Temas	Recollida e análise de datos
Paso previo	Elaboración de perfil migratorio.	Ficha de datos.
Primeiro obxectivo xeral	<ul style="list-style-type: none"> - Os tempos dos sistemas e réximes migratorios. Como os sistemas e réximes migratorios estruturan e enmarcan a nivel temporal as traxectorias e as vidas das persoas migrantes. - Os tempos vividos polas persoas migrantes. Como son vividas as temporalidades xeradas polos sistemas e réximes migratorios: <ul style="list-style-type: none"> • Desaceleración e espera • Aceleración dos tempos • Sincronismo e disxunción temporal • Incerteza temporal 	<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dunha liña de tempo da traxectoria migratoria facendo referencia aos tempos dos sistemas e réximes migratorios. - Gravación, transcripción e análise de datos.
Segundo obxectivo xeral	<p>Explorar o impacto das temporalidades do proceso migratorio nos distintos ámbitos da vida das persoas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental e emocional - Saúde física - Vida familiar e afectiva - Formación e emprego - Inclusión social e acceso ao estado de benestar 	Gravación, transcripción e análise de datos por temas.
Obxectivo secundario	Ferramentas e estratexias usadas ao longo do proceso migratorio para xestionar a temporalidade e a incerteza temporal.	Gravación, transcripción e análise de datos.

Táboa 1: Estrutura das entrevistas ás persoas migrantes. Fonte: Elaboración propia.

ANEXO II. ESTRUCTURA DAS ENTREVISTAS ÁS PROFESIONAIS DAS MIGRACIÓNS

ESTRUTURA DAS ENTREVISTAS ÁS PROFESIONAIS DAS MIGRACIÓNS		
Obxectivo da investigación	Temas	Recollida e análise de datos
Paso previo	Elaboración de perfil profesional.	Ficha de datos.
Segundo obxectivo xeral	<p>Explorar o impacto das temporalidades do proceso migratorio nos distintos ámbitos da vida das persoas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental e emocional (Psicólogo) - Saúde física (Enfermeira) - Vida familiar e afectiva (Psicólogo) - Formación e emprego (Técnica de emprego) - Inclusión social e acceso ao estado de benestar (Traballadora social) 	Gravación, transcripción e análise de datos por temas.

Táboa 2: Estructura das entrevistas ás profesionais das migracións. Fonte: Elaboración propia.

ANEXO III. PERFÍS DAS PERSOAS MIGRANTES ENTREVISTADAS

ROXANA			
<i>País de orixe</i>	Bolivia	<i>Educación/profesión no país de orixe</i>	Psicóloga
<i>Idade ao comezo do proceso migratorio</i>	34 anos	<i>Ano de comezo do proceso migratorio</i>	2018
<i>Causa da migración</i>	Migración voluntaria. Tras cursar dous mestrados en Galicia, decide volver tras uns meses para establecerse e facer un doutorado.	<i>Soa / Acompañada</i>	En solitario
<i>Tipo de viaxe</i>	Viaxe directa dende o seu país.	<i>Medio/s de transporte</i>	Avión
<i>Situación administrativa á chegada a España</i>	Visado de estudante de 1 ano de duración.	<i>Situación administrativa actual</i>	Tarxeta de residencia para familiares de cidadáns da UE de 5 anos de duración. Á espera da resolución da súa solicitude de nacionalidade.

Táboa 3: Perfil migratorio de Roxana. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados na entrevista.

CARLOS ANDRÉS			
<i>País de orixe</i>	Colombia	<i>Educación/profesión no país de orixe</i>	Traballador en empresas de seguridade.
<i>Idade ao comezo do proceso migratorio</i>	36 anos	<i>Ano de comezo do proceso migratorio</i>	2018
<i>Causa da migración</i>	Situación de risco para a súa seguridade e a da súa familia.	<i>Só / Acompañado</i>	En solitario os primeiros meses. Posteriormente coa súa muller e fillas.
<i>Tipo de viaxe</i>	Viaxe directa dende o seu país.	<i>Medio/s de transporte</i>	Avión
<i>Situación administrativa á chegada a España</i>	Entrada como turista. Tras 2 meses solicita Protección Internacional (PI).	<i>Situación administrativa actual</i>	Permiso de residencia e traballo de 2 anos.

Táboa 4: Perfil migratorio de Carlos Andrés. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados na entrevista.

JUANA			
País de orixe	Perú	Educación/profesión no país de orixe	Formación superior e experiencia laboral en contabilidade e finanzas. Estudante de deseño.
Idade ao comezo do proceso migratorio	26 anos	Ano de comezo do proceso migratorio	2019
Causa da migración	Grave problema persoal.	Soa / Acompañada	En solitario
Tipo de viaxe	Viaxe directa dende o seu país.	Medio/s de transporte	Avión
Situación administrativa á chegada a España	Entra como turista. Tras 2 meses solicita PI.	Situación administrativa actual	Arraigo laboral. Permiso de residencia e traballo de 1 ano.

Táboa 5: Perfil migratorio de Juana. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados na entrevista.

MOHAMED			
País de orixe	Siria	Educación/profesión no país de orixe	Carpinteiro
Idade ao comezo do proceso migratorio	31 anos	Ano de comezo do proceso migratorio	2015
Causa da migración	Guerra de Siria	Só / Acompañado	Acompañado do seu irmán e a súa familia ata Grecia, viaxa só a España.
Tipo de viaxe	En varias etapas, pasando por Turquía, varios puntos de Grecia, ata chegar a España.	Medio/s de transporte	Viaxa en distintos medios ata Turquía, nunha barca de Turquía a Grecia, e en avión de Grecia a España.
Situación administrativa á chegada a España	Entra cun pasaporte falso. Tras un mes solicita PI.	Situación administrativa actual	Estatuto de refuxiado. Á espera da resolución da súa solicitude de nacionalidade.

Táboa 6: Perfil migratorio de Mohamed. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados na entrevista.

AICHA			
<i>País de orixe</i>	Alxeria	<i>Educación/profesión no país de orixe</i>	Estudos universitarios en linguas (árabe e español).
<i>Idade ao comezo do proceso migratorio</i>	24 anos	<i>Ano de comezo do proceso migratorio</i>	2018
<i>Causa da migración</i>	Afastarse dalgúns problemas persoais.	<i>Soa / Acompañada</i>	En solitario
<i>Tipo de viaxe</i>	Viaxe directa dende o seu país.	<i>Medio/s de transporte</i>	Avión
<i>Situación administrativa á chegada a España</i>	Entrada con visado de turista de 15 días.	<i>Situación administrativa actual</i>	Arraigo social. Permiso de residencia e traballo de 1 ano.

Táboa 7: Perfil migratorio de Aicha. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados na entrevista.

IBRAHIMA			
<i>País de orixe</i>	Senegal	<i>Educación/profesión no país de orixe</i>	Traballador no sector da construción.
<i>Idade ao comezo do proceso migratorio</i>	24 anos	<i>Ano de comezo do proceso migratorio</i>	2017
<i>Causa da migración</i>	Problemas persoais e motivos económicos.	<i>Só / Acompañado</i>	En solitario
<i>Tipo de viaxe</i>	Por etapas durante máis de 1 ano, pasando por Mauritania e Marrocos ata cruzar o Estreito de Xibraltar.	<i>Medio/s de transporte</i>	En autobús, a pé, e en caiuco para cruzar o Estreito.
<i>Situación administrativa á chegada a España</i>	Entrada sen documentación. Tras un mes solicita PI.	<i>Situación administrativa actual</i>	Situación irregular, á espera dunha oferta de traballo para solicitar arraigo social.

Táboa 8: Perfil migratorio de Ibrahim. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados na entrevista.

ANEXO IV. PERFÍS DAS PERSOAS PROFESIONAIS DAS MIGRACIÓNS ENTREVISTADAS

Profesión	Perfil académico	Experiencia con persoas migrantes
Psicólogo	Psicólogo e antropólogo social	Máis de 6 anos de experiencia de traballo (talleres, atención directa...) con persoas migrantes de distintos perfís e en distintas situacións administrativas, incluíndo 1 ano nun centro de atención humanitaria de emerxencia.
Enfermeira	Enfermeira. Mestrado en saúde internacional e cooperación.	Ampla experiencia como enfermeira na seguridade social. Durante os últimos 6 anos ten traballado e participado como voluntaria en diversos proxectos de atención a persoas migrantes en Grecia (Chios e Atenas), na fronteira Serbia e nas Illas Canarias (atención de emerxencia á chegada).
Técnica de emprego	Educadora social especializada en orientación e inserción laboral.	Máis de 5 anos de experiencia traballando con persoas migrantes de diversos perfís, 3 deles como técnica de emprego.
Traballadora social	Traballadora social	Máis de 7 anos de experiencia traballando con persoas migrantes de distintos perfís en diversos programas, incluíndo 4 anos no programa de acollida de solicitantes de Protección Internacional, e 1 ano e medio nun centro de atención humanitaria de emerxencia.

Táboa 9: Perfís das persoas profesionais das migracións entrevistadas. Fonte: Elaboración propia a partir dos datos aportados nas entrevistas.